

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 30 DE OUTUBRO

DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día trinta de outubro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes e don Antón Otero Domínguez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Non asiste, con escusa, dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 31 de xullo de 2008.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou o citado borrador.

2º Proposta de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores (expediente núm.1/2008)

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 21 de outubro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de outubro actual.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, explica a proposta que se trae para aprobación do pleno, incidindo en que do que se trata neste momento é de aprobar unha serie de facturas que non se aprobaron no exercicio correspondente, e que o feito de traelas ao pleno non se debe á existencia ou non de reparos, senón a que se trata de facturas de exercicios xa pasados, e que moitas veces é así porque os provedores non as presentaron en prazo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o que se pode ver é que se trata de facturas que non cumpren o procedemento, tal e como esixen as bases de execución do orzamento municipal cando se trata de obras de máis de 5000 euros. Di que unha factura de 27.911 euros non ten ningún informe técnico, e que se trata da mesma empresa que está facendo as beirarrúas en Pravio. O Sr. concelleiro de Facenda dixo que a empresa presentou as facturas tarde, e a el gustaría saber que empresas son as que agardan dous anos para pasar as súas facturas a cobro, porque el tamén queredo ter provedores así. Di que outra das facturas é dunha empresa de limpeza que comezou a facer algún traballo no ano 2005, sen contrato, pero que como xa estaba traballando para o concello seguíronselle contratando máis cousas. Di que non hai ningún tipo de contrato nin informe técnico, simplemente se lle encarga que faga as cousas, de forma verbal.

Continúa dicindo que hai outra factura que, segundo o informe de Intervención, non seguiu o procedemento xeral de concesión de subvencións, nin se comprobou o cumprimento das obrigas tributarias, nin coa Seguridade Social do beneficiario desas axudas, nin se aprobou previamente o gasto en que incorreu o concello. Esta omisión do procedemento establecido constitúe unha infracción do ordenamento xurídico ao que está sometido a administración por imperativo constitucional. Están a falar de facturas dos anos 2005, 2006 e 2007.

Con outra factura de 18.869 euros pasa exactamente o mesmo, os informes de Intervención

din que se produce unha infracción do ordenamento xurídico, e que co fin de evitar eses feitos se suxire que, no futuro, o órgano de contratación adopte as medidas necesarias para respectar o procedemento mínimo. Por tanto, son facturas que non teñen os informes dos servizos técnicos, e dado que teñen o informe en contra da interventora, di que o seu grupo non pode votar a prol, nin absterse, senón que o seu voto será en contra.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, responde que Automóviles Sigrás-Carral, Asisa S.A., e outras empresas, realizaron o traballo un ano e presentaron a factura outro. Sistemas Saga, Semper Gallaecia, a Sociedade Xeral de Autores e Editores, Unión Fenosa con 5 facturas, Edicións Laiovento, Sánchez García Silvana que subministrou un ramo de flores á biblioteca dos Templarios, Siad 24 que impartiu clases de voluntariado, Pablo Colinas Martín, etc. Di que o que traen hoxe aquí é algo habitual na vida municipal, e que a interventora non fala de cárcere nin de nada parecido, senón que o que di é que hai uns procedementos irregulares. Teñen un orzamento de 16 millóns de euros, uns 2.500 millóns de pesetas de orzamento, e deles o que traen aquí é un importe duns 11 millóns de pesetas. Por un lado están unhas facturas duns 5 millóns de pesetas, e por outro, algo máis de 6 millóns e medio. Algunhas desas facturas tráense simplemente porque os seus titulares as enviaron máis tarde, mentres que outro conxunto de facturas corresponden a dous políticos que o que fixeron foi tomar dúas decisións respecto da realización de dúas obras. Unha desas decisións foi a que tomou o concelleiro de Cultura cando decidiu abrir o Departamento de Servizos Sociais e outra tomouna o Sr. alcalde a petición dalgúns veciños para arranxar a igrexa, e agora o custo desas decisións é verse acusados nos xornais de facer actos irregulares. El pensa que o que fixeron foron actos de valentía. Di que se tomaron as decisións e que se saltaron o procedemento, a burocracia, pero que foi por eses motivos. Por iso se traen agora esas facturas con reparos, iso ocorre cando a interventora di que non se seguiu o procedemento habitual.

Continúa dicindo que se trata de dúas persoas que traballaron polo pobo, e que se saltaron a burocracia dúas veces, un foi para fortalecer os Servizos Sociais do concello, e outro para dar material de traballo aos veciños para axudar a reparar unha igrexa. Di que diso é do que se está a falar aquí, que non se fala doutra cousa, e que encima hai que ver na prensa que se cometeron irregularidades. Ao seu xuízo hai dous tipos de políticos, os que traballan todos os días e saen á rúa a traballar, e que, por tanto, poden equivocarse, e os que xogan á lotería, é dicir, os que buscan un escándalo para chegar a alcalde, e que cada vez que ven un papel buscan o escándalo para ver se hai sorte. Pensa que este non é o caso, e dille ao PP que pode mandar esa información ao Consello de Contas, ou onde queira, e que así o pobo de Cambre verá o que é iso, porque esa non é forma de chegar a ser alcalde.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que non sabe se o Sr. Salcines se escoita, que acaba de dicir que os veciños pediron 10.000 euros ao alcalde, e que o Sr. alcalde llos deu. Pregunta se lle parece normal. Di que existe un procedemento que hai que respectar, e o que se dixo aquí é que ese procedemento non se respecta. Dille ao Sr. Salcines que el non está aquí para facer o que lle pareza, aínda que esa foi a práctica habitual nos últimos anos en Cambre. Pero que o seu grupo está aquí para dicir que iso está mal, que as cousas non se poden facer así.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que resulta sorprendente as cousas que buscan algúns grupos políticos cando queren facer política, cousas que os deixan realmente sorprendidos, porque, efectivamente, hai unha diferenza de datas, de exercicios, e un procedemento que ao parecer non se respectou. En todo caso, di que iso habería que preguntarllo aos técnicos que levaban a contratación, aos técnicos do departamento que estaba dirixindo a obra, preguntar por que non se fixeron esas cousas, pero que o que se fixo naquel momento foi contratar unha obra, e antes de que rematara esa obra, unha parte que ocupaba unha asociación cultural e unha zona do local que quedaba sen sala de reunións, máis o corredor de acceso, rematalo. Todo iso está detallado na factura, e está seguro de que o PP non foi mirar o expediente, porque alí atoparía un informe técnico do director da obra, contratado externamente para dirixila, e alí están todos os datos. En calquera caso, cre que todos teñen sentido común e poden ver as cousas, e que supón que todo o PP coñece do que está falando, e coñece a obra pola que se paga esa factura.

Continúa dicindo que, se cadra, o Sr. Cubeiro foi ver o expediente e atopou un informe técnico que di que a sala de reunións, o local cultural coa cociña que ocupa a Asociación Cultural Andoa e o corredor de acceso non están construídos, porque iso si que sería delituoso.

Sinala que esa foi unha decisión da persoa que naquel momento estaba gobernando, que pola súa responsabilidade política, quixo que Cambre contara cun centro de Servizos Sociais, que non tiña ata ese ano 2005, para que se lle dera bo servizo a todos os veciños, veciñas e usuarios, que estaban necesitando ese servizo. Iso foi o que se fixo, unha obra con todos os contratos perfectamente visados e asinados, cun importe de 120.000 euros, que pasou a ser un pouco máis, uns 20.000 euros e pico, máis IVE e demais, pero que é unha obra que está feita dende hai tres anos. Di que é unha factura que ten a súa sinatura, e que, polo tanto, vai votar a prol dela.

Respecto das outras facturas, dille ao Sr. Cubeiro que pode ver perfectamente o ano en que foron emitidas, e o ano en que entraron no concello. Pensa que hai temas de política bastante máis importantes e interesantes para falar no concello, cousas críticas que facer e esixir ao actual goberno, e que a actuación do goberno anterior xa quedou sancionada nas eleccións de 2007. Ademais, di que se trata de facturas que hai que pagar aos provedores porque os traballos están realizados, o que teñen que dicir os técnicos é por que despois de dous anos non firman iso, e por que non o firmaron no seu momento, son cousas que el non se explica.

Conclúe dicindo que lle quere lembrar ao Sr. Cubeiro, e que non é por exculpar nada, que na pasada lexislatura el era o responsable de Cultura e Benestar Social, non o responsable de Facenda nin de Contratación, así que lle di ao Sr. Cubeiro que, en todo caso, fale con eses responsables. Sinala que non di isto para desculpase, pero que el só é responsable das decisións dos órganos en que participou, e que non é a primeira vez que llo di, e que lle parece terrible que pretenda causar unha mala imaxe de boas xestións, cando realmente os temas importantes non se atenden.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que do que se trata é de facer efectivo o pagamento dunhas facturas a unha empresas por uns traballos realizados e por unhas subministracións. Di que o seu grupo está de acordo en que o procedemento non foi o máis indicado, e así o corrobora o informe de Intervención, e que como eles non formaban parte nese momento da corporación, non van entrar nese debate e, polo tanto, o seu voto vai ser de abstención.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el tamén se vai abster nesta votación, motivado en que considera que todo aquel que teña realizado un traballo para o concello, loxicamente ten que cobralo, non obstante, sinala que están ante facturas do ano 2006, e que xa se tería que ter traído no ano 2007.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que non pretende asumir a posición de defender a xestión do equipo de goberno anterior, pero que pensa que o que hoxe se trata de valorar no pleno non é, en absoluto, a actuación política que a oposición tivo no seu momento ocasión de exercer. Di que as obras se fixeron no seu momento, á marxe de que os procedementos foran máis ou menos axustados á normativa, e que foi entón cando a oposición existente tivo ocasión de opoñerse, pero que iso xa pasou, e que agora do que se trata é de aprobar ou non un recoñecemento extraxudicial de obrigas, previsto na lei, trátase de satisfacer aos provedores municipais por unhas obras que fixeron.

Conclúe dicindo que a cuestión política tivo que darse no seu momento, e que non se deu. Di que son facturas de hai anos, e que do que se trata é de saber se se recoñecen esas obrigacións ou non, e entender que a lei obriga a aboar os traballos que se fan, polo que, á marxe dos erros cometidos, que politicamente se deberon reprobado no seu momento, agora o que se debe facer é aprobar o recoñecemento extraxudicial de obrigas.

Toma a palabra o Sr. alcalde para pedir que a Sra. interventora dea lectura ás obras e cantidades das que se fala, porque di que é importante que se saiba iso, que se saiba que obras son. Di que, concretamente, a que mandou facer el debeuse a que estaba chovendo na igrexa de Cecebre, e que non cre que se poida dicir agora aos veciños de Altamira que non se paga a factura. Di que o camiño de Sta. M^a de Vigo, no 2006, houbo que arranxalo, que non se podía agardar, e que quizais a forma non foi a correcta, pero que moitas desas facturas non chegan aos 1000 euros, e pensa que non se debe sacar de contexto o tema. Hai veces que a marcha das cousas impide que se poida contratar con todos os requisitos procedimentais, que non é que se queira desculpar, pero que non son cantidades desmesuradas, e que se está a falar, a maioría, de facturas de 400 ou 600 euros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que el non está a falar de importes, do que está a falar é de irregularidades. Di que o PP tamén quere arranxar a igrexa, e outras moitas cousas, pero pídelle ao Sr. alcalde que non utilice iso, que non poña aos veciños contra eles, porque eles non están dicindo que non queiran pagar as facturas aos provedores, senón que están dicindo que esta non é forma de facer as cousas, que é unha forma moi incorrecta por parte de todos eles, e que tomen nota diso.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor reitera que o momento político para dicir todo iso foi outro, que hoxe do que se trata é do recoñecemento extraxudicial de obrigas, e que hai dúas opcións, pagar ou non pagar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás di que quere sinalar que non está de acordo co pago feito á Igrexa, porque a Igrexa ten máis cartos que o concello, ata para pagar dous millóns de euros nunha celebración, e que habería que mirar esas cousas, porque se está a subvencionar á Igrexa dunha maneira ilegal. Di que el non está en contra de que se repare o tellado da igrexa, pero que existe un procedemento, e que hai outras moitas necesidades bastante máis importantes, de moita xente.

O Sr. alcalde contesta que nesa igrexa tamén está un local social, que non é que fose só a

igreja, e volve dicir que pode que o procedemento no fora o correcto, pero que houbo que arranxalo, e que se fixo.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros presentes do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, e abstéñense os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Aprobar o expediente núm.º 1/2008 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ó orzamento de 2008 por importe de 71.752,18 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF / CIF	Nome / Denominación social	Importe
289/2006	31/07/2006	A40015851	ALVAC, S.A.	27.911,00
476/A	31/05/2005	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL S.A.	132,22
575/A	30/06/2005	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL S.A.	293,72
EX15-01/2005	01/05/2005	A08169294	ASISA, S.A.	5.837,94
3	04/05/2007	G15934516	ASOCIACION CULT. Y MUSICAL "Y DALE ROCK"	696,00
00.0106/07	23/05/2007	B15072713	CONSTRUCCIONES LOPEZ CAO, S.L.	18.869,95
119	12/06/2007	B15864176	MAGAR PUBLICIDAD, S.L.	764,49
7619	31/05/2007	E15457948	SUCESORES DE JOSE TORREIRO AGUIAR	7.494,27
7654	30/06/2007	E15457948	SUCESORES DE JOSE TORREIRO AGUIAR	2.583,13
7708	31/08/2007	E15457948	SUCESORES DE JOSE TORREIRO AGUIAR	1.649,31
A 1218	30/09/2007	B47037577	SAMYL, S.L.	388,60
6VF/127	30/12/2006	B15531387	SISTEMAS SAGA S.L.	963,96
B/907168	14/12/2007	B36924587	XEGALIA, GALEGA DE XESTION S.L.	720,00
139/07	10/08/2007	B15937352	SEMPER GALLAECIA, S.L.	464,00
95219843	13/12/2005	G28029643	SOCIEDAD XERAL AUTORES E EDITORES	104,57
211190100151	02/11/2006	A82153834	UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.	24,85
211190100155	28/11/2006	A82153834	UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.	24,85
211190100156	07/11/2006	A82153834	UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.	24,85
211190100170	28/11/2006	A82153834	UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.	24,85
211190100172	29/11/2006	A82153834	UNION FENOSA DISTRIBUCION, S.A.	24,85

16	10/04/2007	B15298128	EDICIONS LAIOVENTO, S.L.	1.050,00
0158	03/05/2007	53161264F	SANCHEZ GARCIA SILVANA	29,00
7396/07	31/10/2007	B15612039	SIAD 24, S.L.	600,00
002/2007	11/08/2007	71637672D	COLINAS MARTIN PABLO	754,00
0000000219	26/09/2007	G15703614	CROMA ESTUDIO, S.C.	321,77
			Total	71.752,18

3º Proposta de aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 3/2008, de suplemento de crédito

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 20 de outubro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de outubro actual.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro de Facenda, Comercio e Emprego, manifesta que o Concello de Cambre precisa realizar a obra de ampliación da casa do concello, e que para iso pensan recorrer o remanente existente. Di que o debate que tivo nas comisións informativas xirou, non tanto en torno ao importe, senón en torno á oportunidade de realizar a obra. A este respecto, o seu grupo considera que o concello creceu moito, teñen preto de 200 empregados, e o edificio quedou pequeno. Di que se están gastando máis de 2000 euros en alugamentos de instalacións e baixos porque non existe espazo suficiente no edificio. Tamén quere recordar que se trata dun edificio non adaptado a persoas con minusvalías, e trátase dun edificio insuficiente, que ocasiona que o persoal estea disperso e diseminado por diversas partes. Ante isto, e aproveitando que a Consellería de Presidencia se amosou disposta a financiar unha parte importante das obras, tomaron a decisión de reformar o concello, incrementando unha nova planta, que incluso permitiría reducir as rendas que están pagando.

Conclúe dicindo que o importe da obra está preto do millón de euros, dos cales preto da metade sería sufragado pola Consellería de Presidencia. Di que do que se trata agora é de decidir se se fortalece a partida da que se dispón con cerca de 300.000 euros.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que están a falar de modificar os orzamentos que se aprobaron hai dous meses. Cando faloron

con eles en busca do seu apoio para eses orzamentos, o PP deixou moi claro que non estaba disposto a apoiar unha reforma da casa do concello por importe de máis de 500.000 euros, porque había moitísimas necesidades en Cambre. A súa sorpresa foi que agora xa están falando dun millón de euros. Pregunta que clase de orzamentos fixeron para que en dous meses pase isto.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal contesta que o concello ten diñeiro sobrante, chamado remanente, e que ese remanente non se pode contemplar nos orzamentos, porque así o indica a legalidade. Di que para gastar ese diñeiro é necesario facelo como o están facendo agora, acudindo ao pleno. É un tecnicismo, unha cuestión técnica.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que non sabe o que lle molesta ao Sr. Cubeiro, se que se reforme a casa do concello ou que o BNG apoie o proxecto, pero que, en todo caso, se el non ve que hai determinadas cousas no edificio que se precisan mellorar para prestar un mellor servizo, terá que explicarlle o por que aos cidadáns.

Di que xa hai informes técnicos de hai tempo sobre que o arquivo municipal non pode estar arriba de todo, tal e como está, porque a estrutura do edificio non ten a calidade suficiente como para podelo soportar. Pensa que é evidente que o acceso ao primeiro andar, e tamén a ese arquivo, non está preparado para persoas con discapacidade. Di que é evidente que a distribución funcional das zonas de traballo dos distintos departamentos non é a adecuada. Di que se trata dun proxecto do que xa se viña falando na anterior lexislatura, e que agora coincide con que a Xunta fai unha achega importante para poder afrontar a reforma.

Continúa dicindo que, en todo caso, o BNG do que se vai preocupar é de que o goberno teña capacidade para xestionar, sacar o proxecto adiante, e executar a obra. Di que o Sr. Cubeiro pretende que se fagan outras cousas e que sigan na mediocridade, que sigan mal e sen ter os servizos necesarios, e que as cousas canto peor estean, mellor. Eles non queren iso, eles pensan na vindeira lexislatura, que axiña chegará, no próximo goberno, que será quen poida gozar das novas infraestruturas, xunto cos funcionarios e os cidadáns. Todos eles merecen que se faga ese esforzo.

Conclúe dicindo que, en todo caso, cre lembrar que o ano pasado o PP votou a prol dalgunha modificación de crédito, e que o BNG votou en contra, e que no seu momento eles o xustificaron publicamente e o que están facendo agora é xustificar por que votan a prol desta

proposta, que se ao PP lle parece mal, ese será o seu problema.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que o seu grupo é consciente de que a casa do concello precisa dunha reforma, pero pensan que o momento actual no que se está, tendo en conta a recesión económica, a crise, e todo o que se ven enriba, é unha atrocidade investir un millón de euros na reforma da casa do concello. Pensan que os traballadores merecen realizar as súas funcións nas mellores condicións, e que os usuarios tamén teñen que vir e poder acceder nas mellores condicións. Di que é certo que non teñen ascensor para que a xente poida subir á segunda planta, pero neste momento consideran que en Cambre existen necesidades bastante máis importantes que poñerse a reformar a casa do concello, hai beirarrúas sen arranxar, camiños sen asfaltar, parroquias sen infraestruturas deportivas nin socioculturais, un montón de cousas que merecen un investimento máis importante que o do concello. Polo tanto di que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que o Sr. Salcines di que hai un remanente de diñeiro que non se gastou. Fala de 2.241.000 euros que non se gastaron no concello no 2007. Di que se esa é a capacidade que ten o equipo de goberno para traballar, e que se ese diñeiro non se gastou, non sabe por que, entón parécelle que a xestión é máis que dubidosa, porque dadas as necesidades que existen, hai moito onde gastar, e iso é unha falta de interese por resolver os problemas dos veciños.

Continúa dicindo que outro tema é que agora pretenden gastar un millón dese diñeiro na reforma da casa do concello, pero pensa que se podería gastar noutros temas, e adaptar locais que son propiedade do concello, por exemplo na Barcala, igual que se fixo con Servizos Sociais. Di que hai un montón de metros cadrados propiedade do concello que os veciños agradecerían que se acondicionasen e que se utilizasen, e que non permanezan tapiados con ladrillos. Di que tamén se podería acondicionar Vila Concepción como edificio para o concello, e gastando moitísimos menos cartos, para dar o servizo que se merecen aos cidadáns. Por todo iso o seu voto vai ser en contra.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal contesta que o bo funcionamento municipal require instalacións. Di que cando os grupos municipais non tiñan local, estiveron todo o tempo demandando un, e que parece que non pasa o mesmo cos locais cando son para os técnicos.

Dille ao Sr. Marante que debería saber que existen dous tipos de remanentes. Un remanente

de obras que non foron aínda acabadas e que por iso o diñeiro está aínda nas contas, trátase dun diñeiro que queda como remanente, pero que ten dono. E, por outra banda, está o caso dunha obra para a que se reserva, por exemplo, un millón de euros e que despois se fai por 800.000, nese caso sobran 200.000 euros e trátase dun remanente e dun diñeiro que non ten dono. Por iso, cando o Sr. Marante fala de 2 millóns e pico de euros, está falando da suma de ambos tipos de remanente.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez responde que, efectivamente, os grupos municipais esixiron un local, pero non dixeron onde, non se tiña porque ter pagado un alugueiro aí ao lado. A elección do sitio foi do Sr. Salcines. Di que el non quere que os técnicos estean traballando en condicións que non sexan as adecuadas, pero o que di é que en vez de facer obras no concello, coas molestias que vai supor e o prexuízo que van causar, pensa que hai outras alternativas que saírían máis baratas e económicas, e que sería, por exemplo, utilizar os locais da Barcala, que son públicos e que están abandonados, e que a todos os veciños lles gustaría ter unha cousa decente ao lado da súa casa.

Conclúe dicindo que hai miles de metros cadrados do concello que están abandonados, e que en ningún caso di que non se acondicionen os locais correctamente para os funcionarios.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que, no primeiro punto que trataron no pleno, o Sr. alcalde dixo que o PP non quería que se pagasen as obras realizadas aos provedores, e que agora, no segundo punto, o voceiro do BNG di que o Sr. Cubeiro, e por extensión todo o PP, non quere que se fagan as cousas. Di que iso non é verdade, que o PP de Cambre o que dixo foi que non lles parece ben que se gaste un millón de euros nunha obra que consideran que non é urxente, cando hai outras necesidades. Iso foi o que dixeron, que non se faga a obra, non que non se fagan as cousas.

E con respecto a mellorar o contorno e eliminar barreiras arquitectónicas, quere dicir que hai presentes veciños de Bribes e Pravio que veñen a reclamar unhas sendas peonís, un paso de peóns que non teñen, e que iso si que son barreiras arquitectónicas, porque se están xogando a vida para ir a comprar o pan.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás sinala que quere responder ao Sr. Salcines con respecto ao local dos grupos políticos. Di que el non viu aos técnicos traballando na rúa, todos teñen, máis ou menos, o seu despacho. Os grupos políticos non pediron máis que o que por lei lles corresponde para desenvolver o seu traballo. E que respecto da casa do concello, pensa que con pequenos axustes si se podería seguir nese

edificio un par de anos máis, pero que o que pasa é que hai que ter a vontade de facelo.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que pensa que hai que salientar que do orzamento previsto para a obra, unha parte moi importante corresponde a unha subvención da Xunta. Non se trata de diñeiro que teña Cambre para dedicalo ao que queira, senón que é unha subvención para a casa do concello.

Di que hai defectos e deterioramentos evidentes neste edificio, que urxe amañar, e que de paso que se amañan, como por exemplo a cuberta, a placa que sustenta o arquivo ou a eliminación das barreiras arquitectónicas, pódese facer algo máis aproveitando ben a subvención. Pensa que iso é o razoable, e que é algo que tamén interesa a quen se vai a presentar a próxima vez á Alcaldía. Quere deixar claro que o diñeiro non é de Cambre, é unha subvención que dá a Consellería de Presidencia para a reforma da casa do concello, non para sendas peonís, abastecemento ou outra cousa, porque de prioridades a el non lle teñen nada que dicir, porque o seu grupo acadou un acordo para os orzamentos deste ano, e neste mesmo pleno xa se van comezar a ver os resultados, e as prioridades que eles fixaron van precisamente dirixidas ás cousas que lle interesan e necesita a xente. Di que hoxe vai vir ao pleno a cesión dunha parcela para a construción dunha escola infantil, dun centro de día para a terceira idade e para un centro de saúde do Sergas. Di que esas son as súas prioridades, pero que a obra da que agora falan tamén haberá que facela, e non esperar a que se caia o arquivo.

Toma a palabra o Sr. alcalde para terminar o debate aclarando unha pequena confusión. Di que no seu día presentaron un anteproxecto por un importe de 1.121.000 euros para que concederan a subvención. A Xunta dá o 70% dunha obra, é dicir 585.000 euros, e o concello tería que poñer o 30%, uns 200.000 euros, máis o importe do proxecto, estarían falando duns 240.000 euros. Como o concello pedira o 80% da subvención, e só concederon o 70%, van a intentar que, agora que se está redactando o proxecto, adaptalo a 780.000 €. Trátase por tanto de que o concello poña o 30% do que dá a Xunta máis o proxecto.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE e os tres concelleiros presentes do BNG, votan en contra os sete concelleiros do PP, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), polo que, ao tratarse dunha votación con resultado de empate, en aplicación do artigo 118 do Regulamento orgánico municipal, decide o voto de calidade do Sr. presidente.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente o expediente de suplemento de crédito número 3/2008 por importe de 343.376,81 euros na partida orzamentaria “121.622 Edificios municipais”, e dentro do proxecto “2008-2-121000 Acondicionamento da Casa Consistorial”, financiado con remanente líquido de Tesourería dispoñible sendo este suficiente para financiar a presente modificación orzamentaria:

Remanente de Tesourería para gastos xerais total resultante da liquidación de 2007	2.241.012,55
Disposto no expediente de incorporación de remanentes 1/2008	890.709,27
Disposto no expediente número 2/2008 de suplemento de crédito e crédito extraordinario	668.859,86
Remanente líquido de tesourería dispoñible para modificacións previo a este expediente	681.443,42
Disposto neste expediente número 3/2008 de suplemento de crédito	343.376,81
Cantidade de remanente sobrante	338.066,61

Segundo: Modificar o gasto plurianual correspondente ao proxecto “Acondicionamento da Casa do Concello”, nos termos recollidos no anexo que se achega.

Terceiro: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello, a efectos de que os interesados poidan examinalo e efectuar as reclamacións que consideren oportunas.

Cuarto: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

4º Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía de data 3 de outubro de 2008, respecto da conformidade para constituír e formar parte da Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”

Dada conta do expediente incoado e da Resolución de Alcaldía núm. 1837 de data 3 de outubro de 2008, en relación co asunto de referencia.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de outubro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, cumpríndose coa maioría absoluta esixida polo artigo 47.2 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, acordou:

Primeiro: Ratificar a Resolución da Alcaldía n.º 1.837, do día 3 de outubro de 2008, cuxa parte dispositiva se transcribe a seguir:

“Primeiro: Mostrar a conformidade do Concello de Cambre para constituír e formar parte da Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro” que tomará como forma xurídica a de asociación sen ánimo de lucro, segundo a Lei de asociacións 1/2002.

Segundo: Outorgar a conformidade ao borrador de estatutos da futura asociación, que forman parte desta resolución e que se aprobarán no acto constitutivo da asociación.

Terceiro: Delegar na concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos dona Beatriz Ramos Padín, para que, en representación do Concello de Cambre, asista á sesión da asemblea para a constitución do Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

Cuarto: Dease conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que teña lugar, para os efectos da súa ratificación.

Quinto: Notifíquese á concelleira delegada para os efectos oportunos.”

Segundo: Nomear á concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos, dona Beatriz Ramos Padín, como representante do Concello de Cambre ante a Asociación Grupo de Acción Costeira “Golfo Ártabro”.

5º Ratificación, se procede, da Resolución de Alcaldía de data 22 de outubro de 2008, respecto da incoación de expediente para a resolución do contrato formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería del Atlántico, S.A.

Dada conta do expediente incoado e da Resolución da Alcaldía núm. 1971 de data 22 de outubro de 2008, en relación co asunto de referencia.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de outubro actual.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, voceiro do PP, di que por fin se pode falar en serio do Plan. Di que este punto é pasado, presente e futuro. O Plan Xeral de Ordenación Municipal é un plan. Un plan significa planificación, e é xeral, iso significa que engloba todo o concello, e é de ordenación municipal, que significa deseñar o presente e o futuro do concello, respectando as súas raíces e poñendo freo ao urbanismo desaforado que estamos sufrindo estes últimos anos. E cando di sufrindo estase referindo ás estradas que non se melloraron nos últimos anos, á rede de saneamento que é insuficiente, á rede de auga potable que fai que nos meses de verán tiveran restricións de auga en Cambre, e que a pesar de ter o embalse de Cecebre e a planta de tratamento foran o único concello da área metropolitana que adoita sufrir restricións no verán, estase referindo aos servizos médicos saturados, e a un longo etcétera de asuntos que se xeran pola falta absoluta de previsión.

Continúa dicindo que respecto do tema que lles ocupa, que é a resolución do contrato para a elaboración do Plan Xeral, o primeiro que hai que dicir é que se contratou o 10 de decembro de 1997, cun prazo de execución de 15 meses, e que xa van 130 meses. Non quere olvidarse de dicir tamén que a empresa redactora cobrou 40 millóns de pesetas, case 240.000 euros. Tampouco quere olvidar dicir ao Sr. Salcines que os orzamentos deste ano presentan unha mingua dun millón de euros por falta de ingresos. Tampouco debe olvidar dicir que o Sr. alcalde asinou varios convenios ao abeiro dun Plan que non se pode aprobar, e que se os propietarios deses terreos decidisen executar eses convenios suporía que os veciños de Cambre terían que pagar máis de 6 millóns de euros (1000 millóns de pesetas). Di que, a continuación, vai pasar a recordar algunhas das respostas e intervencións que se fixeron en plenos anteriores, porque o PP, na lexislatura anterior preguntou polo plan en 9 ocasións:

- o 31 de xullo de 2003 preguntou cales foron as razóns polas que fora rexeitado pola Xunta, e a resposta que lle deron foi que, en primeiro lugar, porque os núcleos rurais se ampliaron en relación coa aprobación inicial, e que esa ampliación se debeu a peticións dos veciños, ou sexa que os culpables foron os veciños. En segundo lugar, porque se desprotexeron zonas de solo rústico, tamén atendendo ás peticións dos veciños, ou sexa tamén responsabilidade dos veciños. E, en terceiro lugar, porque se debe facer unha reserva de solo para a Vía Ártabra, que non ía contemplada. Engade o anterior concelleiro de Urbanismo, que tamén se debeu ás actividades dalgúns grupos políticos, referíndose con iso ao PP. Ou sexa, que segundo isto, os veciños e o PP foron os responsables do rexeitamento do Plan pola Xunta no ano 2003. O

que tamén dixo o concelleiro nesa resposta foi que ese rexeitamento ía ter graves consecuencias para os veciños de Cambre no futuro. Con iso di que si que coinciden plenamente.

- O 25 de setembro de 2003 o PP volveu preguntar e a resposta foi que estaban pendentes dunha reunión cos técnicos da Consellería para que, dun xeito consensuado, digan o que hai que facer para adaptar os traballos á lei.

- O 30 de outubro de 2003 volveron preguntar, e dixéronlles que tivera lugar unha reunión, facía un mes, entre os técnicos municipais e os da Consellería, como consecuencia da cal, déronse instrucións á empresa que redacta o Plan, que agarda que cumpran nuns 15 días, e que tan pronto como haxa algunha novidade se informaría a todos os voceiros.

- O 27 de maio de 2004 volveron preguntar e se lles dixo que estaban traballando.

- O 30 de setembro de 2004 volveron preguntar e contestaron que se quedou coa empresa redactora en que, en principio, non se lles ía contratar a adaptación da revisión dos prezos, e que estaban traballando os técnicos municipais en contacto coa Consellería, e que ían cada 15 días a Santiago, e que en 15 ou 20 días terían elaborado o informe xunto coas xestións coa Consellería.

- O 2 de novembro de 2004 saíu unha nota de prensa no Ideal Galego na que o goberno municipal aseguraba que o documento progresaba adecuadamente, e que tiñan previsto presentar a exposición pública o proxecto no mes de febreiro de 2005. Tamén dicían que ían presentar un diagnóstico do municipio para poder facer un estudo do medio rural e do impacto ambiental tal e como prevé a lei. Di que ese documento se ía presentar en febreiro de 2005, e resulta que non o presentaron ata o 2008.

- O 31 de marzo de 2005 dixeron que estaba practicamente concluído o estudo demográfico.

- O 28 de abril de 2005 volveron preguntar e contestáronlles que estaban agardando un informe.

- O 27 de outubro de 2005 volveron preguntar pola Vía Ártabra que tiña que estar recollida no Plan Xeral, e o Sr. alcalde contestou que respondería o concelleiro de Urbanismo por escrito, non obstante, engadiu que se tiña encargado a ICEACSA un estudo, e que facía catro ou cinco días que chegara. Nese estudo di que se presentaban tres alternativas, e que nun

prazo de dez días se reuniran todos os grupos para velo.

- Volveron preguntar dous meses despois e dixéronlles que dadas as diferentes posturas adoptadas respecto do trazado, acordouse encargar o estudo a unha empresa, que se entregou fai cinco semanas, estudo que se fixo chegar aos veciños, e que agardaban que se resolvese o tema no mes de xaneiro. Unha vez aprobado remitiríase ao equipo redactor e, con iso, se farían os traballos de adaptación.

Continúa dicindo o Sr. Cubeiro que xa nesa data, no 2005, o PP dicía que non entendía porque non se esixía á empresa as correspondentes responsabilidades, e que o contrato xa tiña que estar rescindido. Sinala que o tema da Vía Ártabra foi un impedimento para que a empresa puidese redactar o Plan, porque non se lles permitiu facelo a eles, senón que se contratou a outra empresa e atrasouse. Ademais, as alegacións que presentaron os veciños tiñan un prazo dun mes para resolverse, e como se decidiu facelo dende a propia corporación, tardouse un ano.

Conclúe dicindo que están ante un contrato para redactar un Plan Xeral que tiña un prazo de 15 meses, e que xa levan 130, polo que o grupo municipal do PP vai votar a prol de que se rescinda, pero que non poden aceptar que se bote toda a culpa á empresa, porque tamén o Sr. alcalde e os concelleiros anteriores teñen moitísima responsabilidade.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol da rescisión. Di que sufriron unha boa parte do que xa comentou o Sr. Cubeiro, porque eles mesmos o teñen dito neste mesmo foro en moitas ocasións. O único que lles sorprende un pouco é o salto que deu o PP dende a data de contratación no 1997 a datas posteriores a maio de 2003, porque di que hai un dato moi interesante, que houbo un pleno, non lembra exactamente o día, pero pensa que foi no mes de maio de 2003, onde se produxo a aprobación do Plan que redactou a empresa IDASA para enviar para a súa aprobación definitiva a Santiago, á Consellería de Política Territorial. Pensa que é interesante porque precisamente nese pleno, tal e como recolle a acta, o BNG presentou votos particulares respecto da aprobación do proxecto presentado, por unha serie de motivos, entre outros, e o máis importante, que non incluía o trazado da Vía Ártabra como era preceptivo. Na acta do pleno pode comprobarse que foi o único grupo que sinalou iso, e quedaron en minoría porque o PP e o PSdeG-PSOE votaron en contra do seu voto particular.

Di que o que ocorreu foi que o proxecto que foi a Santiago incluía zonas que deberían estar

protexidas e non ían protexidas, aumento desaforado dos núcleos rurais e non inclusión da Vía Ártabra. Pensa que se se fai un exercicio de memoria hai que dicilo todo.

Continúa dicindo que a cuestión que están a tratar hoxe supón dar o paso de rescindir o contrato coa empresa, e que debería ser un día no que todos sentisen unha certa alegría, porque polo menos se pecha unha etapa e se abre unha luz ao final do túnel. Di que a partir de agora os grupos que están na oposición o que terán que facer é apretarlle ao goberno para que inicie o procedemento de contratación coa nova consultora, para que se redacte o Plan canto antes, para que todo se solucione canto antes, e ver se é posible que no horizonte do remate desta lexislatura se poida ter un documento que aprobar e entregar en herdanza aos que lles sucedan. Di que quedan dous anos e medio, un prazo moi axustado, pero que con ganas e vontade pode ser suficiente.

Conclúe dicindo que a posición do seu grupo, a partir deste momento, vai ser a de mirar cara ao futuro, que é o que lle interesa a Cambre, sobre todo porque se alguén ten memoria son os veciños e veciñas de Cambre, que saben moi ben quen ten e quen non ten a responsabilidade na tramitación do Plan Xeral, saben moi ben cales foron as posicións dos distintos grupos políticos, e cando chegue o momento saberán varolalo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que EU non formaba parte neses momentos da corporación. Di que o primeiro que lamentan é ter que tomar unha determinación como a que están a tomar nestes momentos. O seu grupo lamenta profundamente ter chegado a estes extremos que chegaron. Reiteran o seu voto favorable á resolución do contrato coa empresa redactora do Plan Xeral, baseándose no que din os informes técnicos, sobre todo o informe de Secretaría sobre o incumprimento sistemático de todos os prazos establecidos para a entrega do documento. Di que aínda están pendentes da execución do contrato.

O seu grupo, ademais de coincidir na necesidade da resolución, pensa que os incumprimentos por parte da empresa están fundados en resolucións de índole político, porque pensan que non toda a culpa é da empresa redactora do plan. Pensan que por parte do concello existiu unha certa complicidade en todo o proceso por non saber atallar antes o problema.

Di que son conscientes, ademais, do dano ocasionado ao concello, e por conseguinte aos veciños e veciñas e a moitísimos cidadáns, porque en nome do Plan Xeral se crearon falsas expectativas que dificilmente poden ter reparación, e aquí tanto o concello como a propia

empresa non están exentos de responsabilidade, tanto pola non inclusión da Vía Ártabra no documento, como pola tardanza en resolver os centos de alegacións presentadas polos veciños e veciñas de Cambre, así como, por ter contratado o estudo do trazado da Vía Ártabra a unha empresa distinta da que estaba realizando o Plan.

Continúa dicindo que o seu grupo desexa que os efectos da decisión que están a adoptar hoxe sexan do máis exitoso, pero non están de acordo en que se teña que esquecer o sucedido, e comezar un novo proceso sen máis. Di que é necesario que este tema se trate co máximo rigor e coa importancia que se merece, polo ben da democracia e da corporación municipal. EU, en espera das alegacións que supón que presentará a empresa ante esta decisión, solicitará dos técnicos do concello que determinen o grao de responsabilidade que puidera haber por parte do concello, ou dos seus responsables naquel momento. Así mesmo, declara o dereito que asiste ao seu grupo para emprender cantas accións legais estimen oportunas para o esclarecemento dos feitos.

Conclúe dicindo que, en todo caso, do que agora están tratando é da resolución do contrato e sobre iso o seu grupo vai votar a prol.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que todo este tema é moi importante. Di que están falando dun dos documentos máis importantes que poden presentar aos veciños de Cambre os responsables políticos do concello.

Sinala que a principios deste ano el fixo unha pregunta ao Sr. alcalde sobre que tiña pensando facer co contrato do Plan Xeral, e respondeulle que o contrato estaba en vigor. Agora están propoñendo que se rescinda, e ninguén dixo o motivo polo que é agora cando se pide esa rescisión. A realidade do por que, é que foi porque a empresa presentou hai uns días un escrito pedindo cobrar o que se lle encargou a maiores.

Manifesta que a culpa de que non se teña Plan Xeral en Cambre non é só da empresa, senón tamén do Sr. alcalde e do anterior concelleiro de Urbanismo. El xa dixo hai anos que mentres o Sr. Varela Saavedra fose alcalde de Cambre non se aprobaría o Plan Xeral. Esa opinión segue a mantela e desexa equivocarse e que despois da rescisión do contrato se poida aprobar un Plan Xeral para Cambre, non obstante, cre que non se vai equivocar e que os veciños do municipio van seguir sen Plan Xeral mentres o Sr. alcalde non dimita, que é o que tería que facer ao mesmo tempo que lle rescinde o contrato á empresa.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE,

manifesta que moitos dos presentes non eran concelleiros cando ocorreu todo o que contou o Sr. Cubeiro. Ninguén está satisfeito de que se teña chegado ata aquí, pero quere deixar ben claro a todo o mundo que é o que hoxe se está votando. Di que se trata de resolver un problema que ten a súa orixe no ano 1997, cando ao redactar o prego de cláusulas administrativas que debían rexer o contrato, se incluíu unha cláusula segundo a cal baixo ningún concepto se podía renegociar o prezo. Agora a empresa esixe cobrar os traballos, e o concello non pode pagar porque así o impide a regulamentación. Ademais, está o feito de que dende que se asinou o contrato houbo tres cambios legislativos. Di que a única solución que queda é rescindir o contrato e abrir un novo proceso.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez di que lle dá a risa a explicación do Sr. Salcines, o que debe dicir é que non se pode pagar á empresa porque tiña asinado un contrato para facer uns traballos en 20 meses, e que como a empresa estivo facendo outros traballos que se lle encargaron á carta polo Sr. alcalde e polo anterior concelleiro de Urbanismo, e como a Xunta botou todo para atrás, agora hai que pagarlle á empresa 200.000 euros por todos eses traballos que estivo facendo a maiores. Di que hoxe en día o Concello de Cambre non ten nada, vai sacar outra vez a contratación a redacción do Plan despois de ter pagado un montón de cartos para nada.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal dille ao Sr. Marante que el estivo moitos anos como concelleiro e que non fixo nin dixo nada sobre este tema.

O Sr. Marante Gómez responde que, efectivamente, botou aquí bastantes anos, traballando con ilusión e con ganas, pero que hai dous ou tres anos, sendo secretario xeral do grupo socialista, esixiu por escrito ao Sr. alcalde e ao Sr. concelleiro de Urbanismo don Andrés R. López Arcay, que explicasen a situación do Plan Xeral, así que lle pide ao Sr. Salcines que non diga que el estivo calado. Di que el nunca veu aquí por cartos, non como o Sr. Salcines que dicía que non viña por cartos, que tiña bastante cos seus negocios, e agora resulta que está cobrando unha media dedicación, que incluso houbo que rebaixar a 14.000 euros porque legalmente non podía cobrar 25.000. Sinala que el leva no concello 21 anos, e que só durante dous anos cobrou, e iso foi por todo o traballo que hacía, pero despois sempre cobrou por asignacións e asistenciais.

Toma a palabra o Sr. alcalde para aclarar ao Sr. Cubeiro que estea tranquilo porque os convenios asinados polo concello non van custar nada, e que en ningún caso botan a culpa aos veciños. Engade que aínda a día de hoxe o Concello de Cambre ten presentada unha alegación á Vía Ártabra e que non se lles contestou.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Ratificar a Resolución da Alcaldía núm. 1971 de data 22 de outubro de 2008, cuxa parte dispositiva se transcribe literalmente a continuación:

“Primeiro: Incoar expediente para a resolución do contrato de consultoría e asistencia para a realización dos traballos consistentes na redacción do Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, formalizado coa empresa IDASA, Ingeniería del Atlántico S.A. (hoxe EPTISA, Servicios de Ingeniería S.A.) o 10 de decembro de 1997, iso motivado no incumprimento por parte da empresa de todos os prazos ofertados para as distintas fases de execución dos traballos, así como os prazos máximos fixados na cláusula 17.4 apartados A) a G) do prego de cláusulas administrativas, incluso o prazo total, causa de resolución prevista nos artigos 96, 112 e) e 214 da Lei 13/1995, de 18 de maio, de contratos das administracións públicas, e cláusula 28 do prego de cláusulas administrativas particulares, así como polo transcurso do prazo máximo de duración dos contratos de consultoría e asistencia e os de servizos, fixado en seis anos dende a súa formalización segundo o previsto no art. 199.1 da Lei 13/1995.

Segundo: De conformidade co establecido nos artigos 60.1, 97.1 e 113.1 da Lei 13/1995 e artigo 26 do Real decreto 390/1996, de 1 de marzo, de desenvolvemento parcial da Lei 13/1995, dar audiencia a EPTISA por prazo de dez días naturais a contar dende o seguinte ao recibo da notificación, para que poida alegar o que estime oportuno respecto da resolución do contrato, así como respecto da culpabilidade da empresa no incumprimento dos prazos parciais e total fixados no citado contrato.

Terceiro: Dar conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar, para os efectos de ratificación, se procede, da presente resolución.”

6º Proposta de adhesión ao Convenio marco entre a administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de outubro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 28 de outubro actual.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Solicitar a adhesión do Concello de Cambre ao Convenio de data 17 de abril de 2007, publicado no Boletín Oficial do Estado n.º 160, de 5 de xullo de 2007 e no BOE n.º 131, de 6 de xullo de 2007, suscrito entre a administración xeral do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de oficinas integradas de atención ao cidadán no ámbito territorial de Galicia, asumindo as obrigas derivadas del e con suxeición a todas as súas cláusulas.

7º Modificación da Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Cambre, en cumprimento de sentenza de 3 de xullo de 2008 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de outubro actual.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de de data 28 de outubro actual.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que xa no pleno ordinario de 25 de novembro de 2004, con ocasión da súa aprobación inicial, puxéronse de manifesto as evidentes ilegalidades incluídas ao longo dos seus 26 artigos, e o PP pediu a retirada da ordenanza. Xa no artigo 1 proclamaba o galego como lingua oficial de Cambre. Aprobada inicialmente co voto favorable do PSdeG-PSOE e BNG, o PP presentou alegacións, como consecuencia das cales se modificaron 7 dos 26 artigos propostos e, en contra das indicacións da secretaria municipal, a ordenanza foi aprobada definitivamente no pleno de 29 de setembro de 2005, co voto favorable do PSdeG-PSOE e do BNG.

Continúa dicindo que un grupo de veciños de Cambre impugnaron xudicialmente a ordenanza, dende distintas ideoloxías políticas, e que agora esta sentenza anula na súa integridade 3 artigos e modifica outros 6 preceptos, de xeito que dunha ordenanza que foi

aprobada o 29 de setembro de 2005 xa se anulou 3 artigos e se modificaron un total de 13.

Conclúe dicindo que o seu grupo quere que o galego non sexa utilizado para dividir, e que non é patrimonio de ninguén. É un potencial de riqueza de todos, e debe ser utilizado libremente por todos, sen imposicións, de xeito que as persoas poidan expresarse libremente, en galego ou en castelán.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que se todo este proceso contencioso se mirase en termos deportivos, realmente o resultado do partido para o PP sería máis ben cativo, un resultado de 26 a 3, ademais doutras pequenas modificacións noutros artigos. En todo caso, xa dixo cando o PP presentou alegacións no pleno, que os felicitaba, porque efectivamente algunhas eran incorreccións que había. Foi unha contribución á mellora dun documento que pensaba era de todos. Di que quedaron sorprendidos cando o PP impulsou o procedemento xudicial, que din que foi un grupo de veciños, pero pensan que quen dirixiu todo o procedemento contencioso foi o anterior 2º do PP. Por tanto, o PP foi o que impulsou ese proceso, e agora a sentenza ven a perfeccionar algún dos apartados, porque é certo que un texto tan longo pode conter algunha incorrección.

Continúa dicindo que o que lle fai moita graza é cando, con respecto ao tema da lingua, a xente fala de que a lingua é patrimonio de todos. Eles non consideran que sexa patrimonio de todos, porque xa saben a acepción que lle dan algunhas persoas á palabra patrimonio. A algúns o que lles gustaría é que o galego se metera nunha bolsiña, nunha furna e se expuxera, por exemplo, no museo arqueolóxico que hai en Cambre. Di que ese é o concepto de patrimonio que teñen algúns, pero que eles pensan que é o idioma de todos, e que, evidentemente, non debe dar lugar a controversias, por iso a concelleira do PP pode falar en castelán e non hai problema. Di que o que si é importante é que se regulen as cousas, porque, por exemplo, cando se aprobou no Parlamento Galego, o PP era o partido maioritario, e foi quen impulsou o proceso. A Lei de normalización lingüística de Galicia foi aprobada polo PP, que tiña maioría absoluta, xunto cos demais grupos políticos que estaban na oposición, PSdeG-PSOE e BNG, que tamén votaron a prol.

Di que do único do que se trata é de, na mesma liña de aprobación, impulso, defensa, promoción, etc. do noso idioma, trasladarlles aos concellos esa normativa, para que se faga dunha maneira normalizada, regulada e respectando os dereitos de todo o mundo, dos que falan en galego e dos que falan en castelán.

En todo caso, como noutros puntos que xa trataron hoxe, pensa que respecto deste asunto,

hoxe é un día para que todos se vaian contentos, porque por fin hoxe vai quedar aprobada e se poderá comezar a aplicar. Di que el, polo menos, vaise preocupar de que o goberno actúe conforme á Ordenanza reguladora de normalización lingüística do Concello de Cambre, agora que xa non só ten todas as bendicións de todos os grupos políticos, senón a dos xuíces. Supón que niso o PP estará de acordo co BNG, en facer que se cumpran as cuestións que están descritas na ordenanza.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que vai tentar non entrar neste tipo de debates, e que simplemente quere sinalar que do que se trata é de dar cumprimento á sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e que por iso vai votar a prol da proposta.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que el tamén vai votar a prol.

Concedida a palabra a dona M^a Jesús González Roel expón que simplemente quere dicir que eles falan galego cando queren, non teñen ningún complexo ao respecto, simplemente é unha cuestión de casualidade ou costume, pero o que si quere volver a salientar é que a impugnación da ordenanza nos tribunais se fixo polos veciños de diferentes ideoloxías políticas, porque incluso algún deles formou parte doutros grupos políticos nas pasadas eleccións, e que agora do que se trata é de que se aplique correctamente esta ordenanza.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: En execución da sentenza de 3 de xullo de 2008, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, sección 2^a da Coruña, ditada no recurso contencioso-administrativo n.º 4008/2006, modificar a Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Cambre, anulando os seguintes artigos e particulares, permanecendo o resto do articulado tal e como foi aprobado polo pleno da corporación na sesión ordinaria de 25 de novembro de 2004, coas modificacións introducidas na sesión ordinaria de 29 de setembro de 2005, e segundo o texto publicado no Boletín oficial da provincia núm. 252, de 4 de novembro de 2005:

O artigo 1.3.

Os termos “rogos, preguntas” do artigo 3.2.a).

O termo “xeralmente” do artigo 5.4.

Os termos “ou nas áreas limítrofes de fala galega” do artigo 8.1.

Os termos “independentemente do feito de que esta documentación ou os expedientes que con ela se relacionan teñan o seu efecto fóra deste ámbito” do artigo 8.2.

O termo “xeralmente” do artigo 9.

Os artigos 10, 11 e 12.

Segundo: Dado que se eliminaron os artigos 10, 11 e 12, polo que se fixo necesario levar a cabo unha nova numeración da ordenanza, aprobar o texto definitivo que se achega como Anexo I a este acordo, publicándolo integramente no Boletín oficial da provincia para coñecemento xeral.

8º Mocións

Don Nicolás José Martínez Cubeiro, concelleiro do PP, solicita que, pola relevancia do tema a tratar, se trate como moción urxente a que presentan neste mesmo momento, relativa á contratación dunha auditoría externa das contas municipais.

O Sr. alcalde pídelo que dea lectura á moción para valorar a súa urxencia.

A) Moción do grupo municipal popular para a contratación dunha auditoría externa das contas municipais

Consta do seguinte teor literal:

“As contas do Concello de Cambre pecan de numerosas irregularidades que a ningún dos membros desta corporación se lle escapan. Durante o pasado pleno ordinario do mes de outubro de 2007, fai agora un ano, el que aínda segue sendo primeiro tenente de alcalde deste municipio acusou publicamente ao voceiro do Bloque Nacionalista Galego de ter realizado adxudicacións directas de contratos como as que se trataron nesta sesión plenaria por un importe de 759.000 euros, todas elas durante a pasada lexislatura. Moitas das obras contratadas irregularmente, segundo as palabras do propio concelleiro socialista, terían sido adxudicadas a militantes e simpatizantes nacionalistas. E todas elas, continuando coa exposición do Sr. Varela Tejedor, terían contado, como non podería ser doutra maneira, coa firme oposición da Intervención Municipal. Ante estas acusacións o voceiro nacionalista

suxeriu nese momento que se se consideraban certas que se denunciaran ante os tribunais de xustiza. Descoñecemos os motivos polos que non se fixo.

O Partido Popular coñecía, a través destas afirmacións, que existían actuacións irregulares cometidas durante a pasada lexislatura, pero non podía coñecer, froito da falta de transparencia coa que se gobernou este municipio durante as últimas décadas, que contratos se adxudicaron sen realizar os preceptivos procedementos de contratación e que gastos dos realizados dende entón están aínda por xustificar ou sen pagar. O que salta á luz de xeito evidente é que neste pleno se debateron débedas por importe de preto de 80 mil euros, cando as afirmacións do voceiro socialista falaban de máis de 700 mil, polo que segue existindo un burato escuro nas contas municipais que nin a socialistas nin a nacionalistas lles interesa destapar.

O Partido Popular de Cambre non está en posición de enxuizar a regularidade ou irregularidade dos gastos levados a cabo polos concelleiros nacionalistas e socialistas durante esta e as pasadas lexislaturas, pero si estamos en posición de esixir transparencia na actuación municipal. As débedas debatidas no pleno de hoxe sacaron á luz que a intervención municipal fiscalizou de disconformidade numerosas facturas emitidas durante o último mandato e puxeron en evidencia que moitos dos contratos celebrados nos últimos 4 anos se fixeron sen respectar as garantías legais máis elementais.

A maior abundamento en todas estas irregularidades, o noso grupo viuse na obriga de denunciar publicamente hai poucos meses os sospeitosos movementos dos fondos públicos deste concello entre varias entidades bancarias e que incluso nos fixeron perder, como todos sabemos, un vehículo adaptado que estaba adxudicado a este concello.

Todas estas sospeitas enturbarán, moi seguramente, toda a actividade municipal durante o resto da lexislatura, que con toda seguridade terminará co mesmo pacto entre socialistas e nacionalistas da anterior, e que non trouxo máis que escuridade á xestión das contas públicas. Entendemos, en todo caso, que os motivos que nos levaron a formular esta moción son da categoría suficiente como para esixir que se cumpran os seus acordos e que o único que pretenden é dotar a este municipio da transparencia da que careceu durante as últimas lexislaturas, polo que non faría máis que aumentar as nosas sospeitas que a mesma fora rexeitada polos que din que non teñen nada que ocultar.

Por estes motivos o grupo municipal do Partido Popular no Concello de Cambre solicita a este pleno a declaración de urxencia desta moción, polo que presenta para o seu debate e posterior aprobación polo mesmo pleno municipal a seguinte proposta:

Única: Requiritur ao goberno municipal para que inicie os trámites para a contratación dunha auditoría externa das contas municipais. O citado contrato será licitado e publicado nos medios que corresponda segundo a súa natureza e contía antes do 31 de decembro de 2008.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que antes de votar sobre a urxencia da moción quere aclarar algunhas das cousas que sobre el se din no texto da moción. Sinala que el nunca utilizou a palabra demagogia, pero que agora si que lle parece que o PP está a utilizar unha demagogia inadecuada e inconsistente. El non acusou a ninguén, simplemente dixo, dentro dun debate político, que actuacións que non se corresponden con trámites administrativos ordinarios se fan en todos os gobernos, malamente, porque se pode dicir que non deberían de facerse, pero que se fan, e engadiu que había irregularidades administrativas, e que existían reparos administrativos por parte da Intervención municipal respecto dunha serie de facturas, pero que nunca acusou a ninguén de ningún delito, e de feito, se tivera coñecemento dalgún delito, a súa obriga como funcionario e como político sería denunciálo. Di que era simplemente unha dialéctica política que o concelleiro do PP está terxiversando intencionadamente. Para nada acusou a ningún dos concelleiros do BNG de ningunha irregularidade ilícita penal, simplemente dixo que había facturas con reparos administrativos, na súa maioría de pouca importancia, e agora o PP está utilizando o tema demagoxicamente.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, concelleiro do PSdeG-PSOE, di que quere falar por alusións, porque o Sr. Cubeiro fala de contas sospeitosas. Di que na Xunta de Voceiros reuníronse todos os voceiros dos grupos municipais, incluída a voceira do PP, coa presenza da tesoureira municipal. Di que non sabe de que serve darlles a información se parece que o Sr. Cubeiro non quere saber nada. Nesa Xunta de Voceiros explicouse todo o procedemento, e a voceira do PP estivo de acordo coa explicación, pero agora parece que o importante é botar e botar cousas para ver se queda algo.

Concedida a palabra a don Nicolás Cubeiro Martínez manifesta que nas actas do pleno figuran as seguintes preguntas que fixo o BNG e a resposta que deu o Sr. Varela Tejedor: “3ª *Coñece o goberno local o número aproximado de empresas de Cambre, especializadas en obra civil que poderían optar a contratos coa administración local inferiores a 12.000 €?*”

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que, segundo os datos obtidos dos rexistros públicos existentes, 19.

4ª Parécelle ao goberno municipal unha práctica política correcta a adxudicación directa de contratos de obras a militantes e candidatos socialistas?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non entran a valorar a pregunta, pois non fan contratacións con militantes ou candidatos socialistas, senón con empresas que cumpren coa lexislación vixente. Nunha situación parecida a esta, durante o 2005, 2006 e 2007 os concelleiros do BNG adxudicaron ou propuxeron adxudicacións con reparos da Intervención municipal por importe de máis ou menos 700.000 €.” Di que todos eses datos figuran nas actas dos plenos, e que se non teñen nada que ocultar non haberá problema en facer unha auditoría.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o Sr. Cubeiro é un demagogo, porque iso non implica ningunha irregularidade ilícita penal.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que a el esta moción non lle parece que sexa urxente, e que quere suxerir que os departamentos de Secretaría e Intervención emitan un informe ao respecto para que se trate no próximo pleno.

Ante a falta de acordo respecto da proposta do Sr. alcalde, sométese a urxencia da moción a votación, e votan a prol os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PSdeG-PSOE.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por trece votos a prol, trátase a moción tal e como foi transcrita.

Don Francisco Javier Varela Tejedor solicita que antes de seguir co debate, a secretaria e a interventora digan se se pode realizar unha auditoría no ámbito local.

Concedida a palabra a dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora municipal, manifesta que, sen ter coñecemento da moción ata fai un momento, di que o control interno da legalidade da actividade económica do concello é responsabilidade da Intervención, da que ela é a titular. Di que non poden olvidarse de que é un órgano independente da xestión política. Pensa que o departamento de Intervención, durante os últimos anos, levou a cabo a

súa función de xeito adecuado. Todos os informes de reparos están aí, na Conta Xeral, e están a disposición de todos os membros da corporación. Di que ela non ve posible unha auditoría, sería en todo caso un contrato de servizos de asistencia á Intervención, pero que o control interno é responsabilidade da Intervención, de funcionarios independentes, outra cousa sería falar dun control externo, que está atribuído ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas. Di que todos os anos a Conta Xeral se remite ao Consello de Contas para o seu control. Eses son os dous controis da actividade económica municipal, e estánse levando a cabo no concello, ela pensa que de forma aceptable.

Conclúe dicindo que outra cousa é o debate da oportunidade ou non de facer determinados gastos, que aí a Intervención, a non ser que sexa un caso moi sangrante, non ten por que entrar, iso é unha cuestión de debate político, pero que ningunha auditoría vai entrar tampouco niso. Sinala que o control interno, esa auditoría, se está facendo por parte da Intervención municipal, e que os informes de reparos están aí e que cando hai algo que dicir, dise.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que, sen ánimo de entrar nun debate técnico, a Lei de contratos prevé como un contrato de servizos, o de auditoría. Di que xa se fixo noutros concellos, por exemplo en Viveiro, onde se contratou unha empresa externa para que auditara integramente todas as contas do concello. Di que é un contrato que está aí, e que está previsto na Lei de contratos.

Concedida a palabra á Sra. interventora manifesta que o que ela non sabe é que utilidade tería esa auditoría, entende que unicamente política. Tampouco sabe como funciona o Concello de Viveiro, pero si sabe como funciona Cambre. Di que si que se fan contratos de auditoría, con empresas auditoras, pero no que ela coñece, sempre como asistencia á Intervención, ou sobre todo, en controis financeiros. Ela a utilidade ou legalidade dese informe non acaba de vela, cando teñen na Conta Xeral, todos os informes de reparos ou unha valoración da actividade do concello.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que eles estarían dispostos a votar a moción engadindo que queren a auditoría, pero sempre que se emita un informe técnico que permita e acredite a viabilidade da citada auditoría.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que quere deixar claro que alaba o labor da Intervención deste concello, e non se atreve a poñer en tea de xuízo, nin fiscalizar, o labor como funcionarios do concello.

Di que, por outra parte, o seu grupo lamenta que a moción se lles entregara cando chegan ao pleno, sen tempo suficiente para revisala e valorala do xeito máis efectivo posible, pero que tamén é certo que o seu grupo está a prol da maior transparencia no concello, e que por iso co seu voto non van privar de que se trate ningunha moción nese sentido.

Concedida a palabra a dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria municipal, sinala que sería conveniente aclarar que é unha moción. Di que tamén ela se atopou coa moción aquí sobre a mesa, e que enviou a un funcionario a buscar o Regulamento Orgánico Municipal, pois descoñecía que houbese outras mocións urxentes, fóra da orde do día, ademais das xa presentadas previamente polos grupos municipais. Di que ante a incerteza que hai neste momento, o que si está claro é que a definición que o ROM dá das mocións é a de proposta que se somete directamente ao coñecemento do pleno, fóra da orde do día, e que ten que ser declarada de urxencia pola maioría absoluta dos membros que compoñen a corporación, pero, á súa vez, no ROM se establece que estas mocións deberán presentarse no Rexistro de Entrada cunha antelación de 3 días á sesión do pleno onde se vaian a tratar, e entregaráselles, o máis axiña posible, aos voceiros dos grupos municipais.

Di que isto supón que cando se fixo o ROM, se fixo un pouco por lóxica, para evitar precisamente que se dean estas situacións onde non se sabe moi ben o que hai que facer. Por iso esta moción non cumpre con ese requisito de terse presentado cunha antelación de 3 días ao pleno. Tamén é certo que o artigo segue dicindo que, non obstante o anterior, cando a propia urxencia do asunto que hai que tratar non permita formular a moción por escrito e coa antelación establecida, se poderá formular oralmente ante a corporación.

Continúa dicindo que na súa opinión, tal e como se presenta esta moción e polo tema que se presenta, non cre que sexa dunha urxencia que impida que se presente noutro momento posterior. Pensa que neste caso a moción debeuse ter presentado cos 3 días de antelación ao pleno, o que tería dado tempo a todos os grupos municipais a ter unha copia da moción e saber o criterio a adoptar, e aos técnicos presentes a ter mirado o asunto. Di que é o Sr. alcalde, se o estima oportuno, o que ten a capacidade para dicir se a moción reúne a urxencia que non permita que se presente nun momento posterior cos correspondentes informes e estudo por parte de todos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que pensa que están neste foro para facer un debate político, na medida do posible, ausente de informes técnicos. Está moi ben que se elaboren, pero a decisión sobre a urxencia debe tomala o responsable político, que é o

Sr. alcalde. O seu grupo entende que este tema ten urxencia, e é o Sr. alcalde quen ten que determinala.

A Sra. secretaria municipal sinala que, entón, se do que están a falar é dunha moción de tipo de control ao goberno, entón trataríase doutro tipo de proposta, que é a do artigo 125 do Regulamento orgánico municipal, e ese tipo de mocións teñen que ser presentadas cunha antelación de 8 días hábiles anteriores á sesión plenaria ordinaria. Sería unha moción de control ao goberno.

Concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal manifesta que non sabe se o PP é consciente do que está pedindo. Di que é unha vía de transparencia da xestión municipal, pero que o que realmente van a facer é auditar ao departamento de Intervención, non van a auditar aos políticos. Unha auditoría supón ver que a contabilidade se xustifica coas facturas, comprobar punto por punto e ver que detrás de cada gasto hai un documento contable que o sustenta. Di que ese é o traballo técnico da Intervención. O que o PP propón, e el está seguro de que non era o que buscaba, é o control dos técnicos de Intervención, cando o que el está seguro de que querían é o control político do gasto. Di que son os técnicos de Intervención os que dan fe de que detrás de cada gasto hai unha factura, e o PP está cuestionándoos con esta medida. Pensa que non é o que estaban buscando, pero que é o que están conseguindo.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que antes o Sr. Varela Tejedor dixo que nunca tiña pronunciado a palabra demagogia neste pleno, cando o certo é que segundo consta na acta que ten diante figura: *“Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a demagogia é patrimonio dalgúns, e que este goberno non discrimina a ninguén. E en canto aos contratos adjudicados ou propostos polo BNG entre 2005 e 2007, mencionados anteriormente, non se refire a actuacións legais, senón con presunta infracción da legalidade, con reparos da Intervención.”* Di que el está seguro de que as infraccións non son só do BNG, que tamén son do PSdeG-PSOE, e que se non teñen nada que obxectar ou ocultar, o que deberían facer é aceptar a auditoría, e que se hai algo que ocultar que voten en contra.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non hai nada que ocultar e que, de feito, as contas están transparentemente a disposición de todos os grupos políticos, as contas de todos os exercicios económicos. Di que reitera, unha vez máis, que isto é, simplemente, unha demagogia política inconsistente que pretende paralizar a función administrativa da Intervención municipal e que o PP vai a conseguir o fin contrario ao desexado. Sinala que, en todo caso, el non vai votar a prol dunha cuestión que a propia

interventora e a propia secretaria manifestan de dubidosa legalidade.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias di que lle gustaría aclarar que é o que están a debater. Pensa que unha vez que xa votaron a prol da urxencia, o que cómpre é debater a moción e que, en todo caso, se toman unha decisión no pleno que infrinxe a legalidade, xa o determinarán despois os técnicos e igual o que pasará será que haberá que volver aquí atrás co tema, pero que pensa que unha vez presentado o tema o mellor é discutilo.

Continúa dicindo que non sabe por que non se presentou cos 3 días de antelación de rigor, porque esta é unha cuestión que non apareceu agora, pero supón que é un tema que está planeado así, porque se se tivera presentado en prazo e houbera a posibilidade de que os técnicos, e mesmo as persoas ás que están atacando se puideran defender, pois xa se tería eliminado o efecto sorpresa, que é o que realmente interesaba ao PP, non a transparencia, nin a fiscalización, o que lle interesaba era o efecto sorpresa, a política do ventilador, nesa deriva tan sorprendente e tan aventureira que ao final non é unha cuestión política, senón que se converte nunha cuestión técnica. Di que cos informes sobre as contas anuais aprobados, e con toda a documentación que poden consultar á súa disposición, el nunca oíu que no Concello de Cambre, nin cando estaba na oposición hai anos, nin estando no goberno, nin agora, que calquera concelleiro vaia ao departamento de Intervención, ou a calquera outro, e se lle negue o acceso a un expediente, outra cousa é que, como están na oposición, non teñan tantos medios por non estar todo o día no concello.

Di que o PP chega xa a tal punto que el non sabe se o que lles falta son coñecementos para poder redactar algo, porque teñen que recorrer a palabras que din outros, léndoas nas actas. Pode ser falta de coñecementos para poder redactar, pero tamén hai quen pode pensar que é covardía, porque teñen que recorrer ás palabras doutra persoa, non para facelas súas, senón para dicilas e ver que pasa. Pensa que o PP está buscando o seu camiño, e que é difícil, pero que están cambiando a política por ser profetas e difamadores. Saber ser profetas está ben, así, por exemplo, poden apostar para ver cando o BNG entra no goberno de Cambre, pero a el non lle importa nin gañar nin perder esa aposta, porque se iso é así, será cando ao BNG lle interese facelo, cando ao PSdeG-PSOE lle interese facelo, e cando aos veciños lles interese apoiar iso.

Continúa dicindo que a faceta de profeta do PP lle parece ben, pero que a de difamador non lle gusta, e incluso o defraudan un pouco, porque saben perfectamente que todo iso que insinúan, nin sequera utilizando palabras propias, senón as de outros, iso é totalmente falso.

E por enriba meten a pata, porque pensaban que ía ser unha diatriba contra a xestión nacionalista do anterior goberno, e como non fixeron ben as cousas, saíulles mal a cousa, e van ter que acabar pedindo desculpas, porque o que están cuestionando é o labor que lles corresponde aos funcionarios públicos da Intervención municipal. Di que precisamente hoxe se presentaron unhas facturas para ser aprobadas, que están fiscalizadas pola Intervención, e que é neses casos no único momento que o PP sabe facer oposición, cando lles dan o traballo feito, cando ven os argumentos técnicos da Sra. Interventora ou de calquera outro técnico, o da Sra. Secretaria, é do único sitio de onde saben sacar argumentos, porque non son capaces de facer unha argumentación propia, non son capaces de crear nada. Di que o PP tomou a vía destrutiva, e que o BNG o que vai tratar é de ir pola vía construtiva, xa sexa no goberno ou na oposición.

Conclúe dicindo que, en todo caso, o seu voto non vai ser contrario á moción.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que quere reiterar o que xa dixo antes, que chegaron a este pleno e se lles entregou unha moción, cuxa exposición de motivos é dun importante calibre, ao igual que a súa proposta de acordos, e sobre a que recaen dúbidas sobre a súa legalidade, como sinalou a interventora e a secretaria.

En todo caso, di que hai cuestións que lles parecen interesantes, e que o seu grupo está a prol da transparencia na xestión, e que, por todo o anterior, non van a apoiar a moción porque non a poden analizar agora con profundidade, pero que tampouco se van a opoñer, senón que o seu voto vai ser a de abstención.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que el vai votar a prol da moción, sen prexuízo de que se despois hai algún informe técnico que diga o contrario, se modifique. En todo caso, pensa que este tipo de cuestións deberían de presentarse con máis tempo, e que, aínda que leva moitos anos como concelleiro, o certo é que plenos como este viu poucos.

Toma a palabra o Sr. alcalde para dicir que, unha vez oídos todos os grupos, propón que deixen o tema sobre a mesa, pedir os informes, e traelo á próxima sesión que haxa.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que está nas mans do PP deixar a moción sobre a mesa, e que, dende logo, o BNG non vai ser quen lles pida que a retiren.

Don Francisco Javier Varela Tejedor propón unha alternativa ao PP. Di que, sen entrar en

procedimentalismos sobre se o prazo para presentala é adecuado ou non, pensa que a transparencia queda claramente posta de manifesto a través da Intervención municipal, e a través da facilidade que teñen todos os grupos e concelleiros para acceder ás contas municipais, así como coa aprobación da Conta Xeral cada ano, e polo feito de que non existe ningún reparo do Consello de Contas, pero propón votar a moción, e o PSdeG-PSOE votará a prol, sempre que o informe técnico posterior valide a legalidade desa moción.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que por suposto que si. Di que non esperaba menos, sobre todo do BNG, aínda que lle parece que insultou de máis, pero que, en todo caso, os felicita por apoiar a moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, coa matización incluída polo voceiro do PSdeG-PSOE, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP e o concelleiro do GM (PG), e abstéñense os tres concelleiros presentes do BNG e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por quince votos a prol, aprobou a moción que consta da seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que pola Secretaría-Intervención municipais se emita informe técnico sobre a legalidade da moción presentada.

Segundo: Que en caso de non existir impedimento legal se inicien os trámites para a contratación dunha auditoría externa das contas municipais. O citado contrato será licitado e publicado nos medios que corresponda segundo a súa natureza e contía antes do 31 de decembro de 2008.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Turismo, de ampliación do financiamento das subvencións correspondentes á convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2008

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Turismo de data 27 de outubro de 2008.

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Ampliar o importe total destinado ao financiamento das subvencións que se van conceder ao abeiro das bases da convocatoria pública de subvencións municipais a entidades sen fin de lucro 2008, aprobadas na sesión plenaria do 26 de xuño de 2008, na seguinte contía e aplicación orzamentaria:

“463.489 outras entidades non lucrativas” polo importe de 25.704,20 euros.

Segundo: Esta modificación non afecta ao prazo establecido nas bases para a presentación de solicitudes.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

C) Proposta de Alcaldía de concesión de uso dunha parcela ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír un centro de día de atención a persoas maiores e unha galescola

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 30 de outubro actual que literalmente se transcribe a seguir:

“Tendo en conta o interese e necesidade que ten este concello en contar cun centro de día para persoas maiores e cunha gardería pública nunha zona tan densamente poboada como é O Temple, onde a poboación, como é lóxico, demanda tales servizos, esta Alcaldía, en desenvolvemento dos acordos acadados co grupo municipal do BNG para a aprobación dos orzamentos do 2008, inicia os contactos pertinentes cos responsables do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para conseguir tales instalacións.

Como consecuencia de tales conversas, o pasado 27 de outubro recíbese escrito do indicado Consorcio no que se solicita a cesión de uso dunha parcela de 2.000 m² no Temple para a construción dunha galescola e un centro de día. Aínda cando non se menciona nada no referido escrito, por conversas telefónicas mantidas no día de hoxe con técnicos do citado consorcio, unha vez construídos os inmobles serán entregados ao Concello de Cambre.

Vista a parcela de propiedade municipal sita no Temple de 3.337,42 m², que tras recente medición resulta ser de 3.244,67 m², adquirida como terreo dotacional público a través do proxecto de compensación da Unidade de execución nº 11, que foi aprobado definitivamente por acordo da Xunta de Goberno Local de data 30 de decembro de 2005.

Visto que este proxecto de compensación se formalizou en escritura pública outorgada perante o notario da Coruña don Ramón González Gómez o 19 de xullo de 2006 e que se inscribe no Rexistro da Propiedade nº 7 da Coruña, figurando inscrita a parcela dotacional indicada no libro 448, folio 117, finca 32.862 e inscrición 1ª.

Visto o proxecto de parcelación urbanística elaborado polos servizos técnicos municipais para poder dividir a finca en cuestión en dúas parcelas, unha de 2.000 m² e a outra de 1.244,67 m², co fin de ceder o uso da primeira ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para os fins indicados e que, visto o informe xurídico sobre o mesmo proxecto de parcelación, este é aprobado no día de onte por resolución desta Alcaldía.

Formulo ao pleno da corporación a seguinte proposta de acordos a adoptar:

Primeiro: Cualificar como ben de servizo público destinado á construción dun centro de atención a persoas maiores e dunha galescola, a parcela de propiedade municipal de 2.000 m² sita na unidade de execución nº 11, no Temple, que linda desde o vial V1 da urbanización: Fronte, co dito vial V1; dereita, co vial V2; esquerda, con outra parcela de propiedade municipal; e espalda, co límite sur da unidade de execución e coa rúa Tapia, que forma parte da inscrita a nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade nº 7 da Coruña no libro 448, folio 117, finca 32.862 e inscrición 1ª, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

Segundo: Conceder o uso da citada parcela ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír un centro de día de atención a persoas maiores e unha galescola, ao ser a parcela apta para tales edificacións e usos. A concesión de uso efectúase por vinte e cinco anos prorrogables por outros vinte e cinco anos máis.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a formalizar co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un convenio para a xestión dos referidos servizos públicos, no que se concretarán, así mesmo, as condicións da concesión de uso da parcela de referencia.”

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que están de acordo coa cesión, aínda que botan de menos o tema do aparcadoiro, que era un dos proxectos dos que se tiña falado, debido á necesidade apremiante de aparcamento na zona.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta o seu acordo coa construción dunha galescola e dun centro de día dadas as necesidades existentes en Cambre, e concretamente no Graxal.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Cualificar como ben de servizo público destinado á construción dun centro de atención a persoas maiores e dunha galescola, a parcela de propiedade municipal de 2.000 m² sita na unidade de execución nº 11, no Temple, que linda desde o vial V1 da urbanización: Fronte, co dito vial V1; dereita, co vial V2; esquerda, con outra parcela de propiedade municipal; e espalda, co límite sur da unidade de execución e coa rúa Tapia, que forma parte da inscrita a nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade nº 7 da Coruña no libro 448, folio 117, finca 32.862 e inscrición 1ª, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

Segundo: Conceder o uso da citada parcela ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para construír un centro de día de atención a persoas maiores e unha galescola, ao ser a parcela apta para tales edificacións e usos. A concesión de uso efectúase por vinte e cinco anos prorrogables por outros vinte e cinco anos máis.

Terceiro: O Concello de Cambre comprométese a formalizar co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar un convenio para a xestión dos referidos servizos públicos, no que se concretarán, así mesmo, as condicións da concesión de uso da parcela de referencia.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

D) Proposta de Alcaldía de cesión gratuíta dunha parcela á Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, para construír un centro de saúde

Dada conta da proposta de Alcaldía de data 30 de outubro actual.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita unha copia dos informes emitidos, e o Sr. alcalde contesta que se lles facilitará.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Cualificar como ben patrimonial a parcela de propiedade municipal de 1.244,67 m² situada na unidade de execución número 11, no Temple, que linda desde o vial V1 da urbanización: fronte, co citado vial V1; dereita, con outra parcela municipal; esquerda, coa rúa Abeleira; e espalda, co límite sur da unidade de execución e coa rúa Tapia, que forma parte da inscrita ao nome do Concello de Cambre no Rexistro da Propiedade número 7 da Coruña no libro 448, folio 117, finca 32.862 e inscrición 1^a, e que está cualificada como solo de equipamento de interese público e social.

Segundo: Ceder gratuitamente a finca descrita, libre de cargas e gravames, á Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde, coa finalidade de construír un centro de saúde, ao ser a citada parcela apta para a edificación e uso que se pretende.

Terceiro: Expoñer o expediente a información pública polo prazo de quince días no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e no taboleiro de anuncios do Concello para os efectos de presentar alegacións, isto de conformidade co artigo 110.1.f) do Real decreto 1.372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais. No suposto de que non se presenten alegacións, se entenderá elevado a definitivo o acordo adoptado.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

E) Moción do grupo municipal popular para a mellora dos parques infantís de Cambre

Rexistrada de entrada ao núm. 13556 o día 25 de outubro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“O Partido Popular de Cambre denunciou na Comisión Informativa de Obras e Servizos do pasado mes de setembro que unha nena se accidentara no parque infantil situado no Paseo Marítimo, ao carón da Casa das Palmeiras, debido ao seu lamentable estado de conservación. Agora e a través da prensa enterámonos que hai escasos días un neno de escasa idade sufriu un novo accidente, esta vez no parque infantil situado enfronte do concello e debido ao mesmo motivo que o anterior, a falta total de mantemento.

Tanto o noso grupo como os demais compañeiros da oposición viñemos denunciando dende hai meses a falta de conservación destes espazos públicos que son utilizados polas persoas máis vulnerables de entre todos os nosos veciños e que son os nenos. Temos esixido dende a oposición que se lles dotara de maior seguridade e que se realizara un mantemento periódico deles, ante as graves consecuencias que acarrea que os parques infantís non se atopen debidamente acondicionados.

O Decreto da Xunta de Galicia 245/2003 establece dúas obrigas fundamentais que foron desoídas constantemente tanto por este equipo de goberno como polo que gobernaba durante a anterior lexislatura. Estas eran que en 5 anos dende a súa aprobación todos os parques infantís municipais deberían estar adecuados á nova normativa e que é obriga de todos os titulares de parques infantís, como o é este municipio, realizar inspeccións anuais do seu estado de conservación.

Debemos denunciar que durante os 5 anos concedidos por este Decreto, y que finalizaron o pasado mes de maio, o equipo de goberno non realizou ningunha xestión para adecuar estes espazos á normativa, motivo polo que gran parte da responsabilidade dos accidentes que comentamos se deben á absoluta inoperancia do noso goberno municipal. Tampouco temos constancia de que os responsables dos servizos municipais teñan dado a orde de que se inspeccionaran anualmente todos os parques infantís, polo que supoñemos que isto se debe a que se se realizaran unha soa inspección saírían á luz as numerosas irregularidades das que adolecen todos e cada un dos parques municipais.

Temos constancia de que varios veciños presentaron escritos solicitando para os seus fillos o mesmo que agora nós esiximos para todos os nenos de Cambre e que reiteradamente se lles

contestou que a normativa é o suficientemente ambigua como para entender que os nosos parques non adolecen de ningunha irregularidade. Dende o grupo municipal do Partido Popular debemos amosar a nosa indignación porque o equipo de goberno deste municipio se ampare nunha suposta ambigüidade normativa para evitar cumprir cunha das súas principais obrigas, que é a de velar pola seguridade e a integridade dos nosos menores.

Por estes motivos e ante a falta de actividade dos responsables municipais, os concelleiros do Partido Popular propoñemos ao pleno de Cambre para o seu debate e posterior aprobación, se procede, a adopción dos seguintes ACORDOS

Primeiro: Que se encargue aos técnicos municipais competentes a elaboración dun informe sobre o estado actual de todos e cada un dos parques infantís de titularidade municipal, no que se recollan especificamente as carencias e irregularidades normativas das que adolezan, así como as obras de acondicionamento que requiran. O dito informe deberá ser presentado ante esta corporación antes da convocatoria do pleno de aprobación dos orzamentos para o ano 2009.

Segundo: Que os orzamentos municipais para o ano 2009 contarán cunha partida específica e suficiente para facer fronte ás obras de acondicionamento de todos os parques infantís de Cambre que o requiran.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que a inspección de todos os servizos municipais non se ordena concretamente para cada caso, senón que os servizos técnicos exercen as súas funcións e informan á concellería correspondente sobre os seus resultados, e que nos expedientes que están incoados para o efecto constan os informes. Di que, por outro lado, no equipo de goberno son conscientes de que, evidentemente, o estado dos parques infantís non é o máis adecuado.

Continúa dicindo que todo iso deriva de que existen prioridades políticas. Di que a política implica elixir opcións prioritarias que ás veces castigan outras cuestións, tamén importantes, pero que non dá para chegar a todo. Sinala que as prioridades son as que son, e que neste momento a concellería correspondente está realizando un estudo, que os grupos coñecen, e que agardan que estea listo para a data que solicitan. Ese estudo tratará de sistematizar nun único informe todas as deficiencias observadas, valoralas economicamente, e discutilas cos grupos da corporación de cara aos orzamentos municipais, e acadar un consenso suficiente para incluír as partidas que sexan necesarias para poñer todos os parques ao día, tanto técnica como esteticamente, incluso en materia de seguridade.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Antes de tratar as mocións presentadas polo grupo municipal de EU-IU, o Sr. alcalde solicita que, para próximas ocasións, cada grupo intente presentar unha única moción, tal e como acordaron coa última modificación do Regulamento orgánico municipal.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, contesta que o seu grupo non ten ningún problema en facelo así, pero sempre que todos os grupos se atinxan ás mesmas regras. Engade que para desmostralo, neste momento acorda deixar sobre a mesa a terceira das mocións que presentou o seu grupo, para que sexa tratada no próximo pleno.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que, en todo caso, non é ilegal que os grupos políticos presenten cantas mocións estimen necesarias, xa que está nas mans do Sr. alcalde decidir se se tratan ou non.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

F) Moción do grupo municipal de EU-IU polo esclarecemento do accidente da fragata Extremadura

Rexistrada de entrada ao núm. 13557 o día 25 de outubro de 2008, é lida integramente por don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU.

Concluída a lectura don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que retiran o 2º punto da moción, porque xa está arquivado o expediente disciplinario, pero manteñen o 1º, porque pensan que hai que reabrir ese proceso e que se siga investigando sobre ese asunto que provocou a morte de dous mozos, un deles veciño de Cambre.

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción presentada, pero que, evidentemente, el tamén lle ía comentar ao Sr. Taibo que o punto 2 non procedía, porque segundo se ten informado na prensa, ese expediente xa se retirou, aínda que parece que foi por motivos médicos. En todo caso, di que a razón non é o importante.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que, como administración máis próxima, ao estar implicado un veciño de Cambre, parécelles de xustiza que o concello se interese polo tema, e que por iso van a votar a prol da moción.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que eles tamén votan a prol, e que só quere lamentar que a retirada do expediente sexa polo motivo da deterioración da saúde do cabo, e non consecuencia de todas as peticións feitas pola xente.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén vai votar a prol da moción.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como se transcribe a continuación:

“O 19 de decembro do ano 2005, estoupaba unha caldeira na fragata “Extremadura”, pertencente á armada española, provocando a morte de dous dos seus tripulantes. Os mozos galegos, Francisco Javier Pérez Castrillón e Eric Noval Gómez, este último veciño do Concello de Cambre.

Tendo en conta o tempo transcorrido aínda non se despexaron todas as dúbidas respecto do accidente e do estado da embarcación. En concreto nunca se aclarou por que non se evacuou a fragata á hora do accidente, nin tampouco as cuestións relacionadas coa temperatura da caldeira nos momentos do suceso.

Existen testemuñas que sosteñen que nas horas previas ao accidente se detectaron niveis de contaminación por cloro moi superiores aos niveis permitidos e que incluso se advertiu desta circunstancia aos mandos da fragata. Cabe a hipótese, polo tanto, de que a causa da explosión puidese estar no qumentamento excesivo da caldeira de popa que posteriormente estoupou. Entre estas testemuñas atópase a do cabo primeiro Jorge Gago, que viu como a súa contribución esencial á clarificación dos feitos e a posibilidade real de facer xustiza foi respondida coa apertura dun expediente disciplinario.

A actitude do Ministerio de Defensa é cando menos sorprendente, pois evita posicionarse escudándose na situación de “pendente de resolución xudicial” do caso e, ao mesmo tempo, ábrelle un expediente disciplinario ao cabo ferrolán Jorge Gago, unha testemuña clave neste proceso, o que pode chegar a entenderse como unha inxerencia que busca transmitir a mensaxe de obediencia e silencio.

Entendemos que a Defensa, como parte da administración pública, debe rexerse polos principios de servizo, transparencia e responsabilidade. A disciplina militar non pode ser obediencia cega á xerarquía, subordinación á crítica e ao mando autoritario despótico. As Forzas Armadas non poden quedar á marxe dos dereitos e deberes que teñen o resto de cidadáns e as administracións públicas.

Así mesmo, e xa que a día de hoxe moitos mozos/as de Galicia recorren ao ingreso nas Forzas Armadas, como saída laboral, merecen unha consideración, como cidadáns e traballadores, propia dun estado democrático.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: O pleno do Concello de Cambre acorda instar ao Ministerio de Defensa a que realice unha investigación seria e rigorosa que esclareza as causas do accidente da fragata Extremadura.”

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que agradece o apoio amosado por todos os grupos, en nome do seu grupo, da Plataforma en prol do cabo Gago, e da familia do veciño de Cambre falecido no suceso.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

G) Moción do grupo municipal de EU-IU sobre parques infantís adaptados

Rexistrada de entrada ao núm. 13557 o día 25 de outubro de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Un concello accesible é o que se construíu tendo en conta as necesidades de todas as persoas. Ou o que leva a cabo as modificacións necesarias para que o sexa. O concello facémolo todas as persoas que habitamos nel, e aínda que todos/as temos os mesmos deberes, non sempre gozamos dos mesmos dereitos. Hai que promover o dereito a non sentirse diferente aos demais por culpa das barreiras sociais.

Conceptos como normalización, integración, inclusión, equiparación de oportunidades, favoreceron e potenciaron o progresivo desenvolvemento social e mellora da calidade de vida. A sociedade demanda novas actividades, servizos e infraestruturas para campos aínda por explorar, ou escasamente explorados.

Non só os comportamentos discriminan, tamén un contorno non accesible, ou un servizo que non teña en conta as especiais dificultades dalgúñas persoas. Trátase de discriminacións indirectas pero moi efectivas que se padecen á hora de gozar de dereitos recoñecidos para todas as persoas. Así pois, non discriminación, accesibilidade e promoción de dereitos débense converter nunha mesma estratexia.

Os parques infantís convertéronse en espazos de lecer e encontro nos que os nenos/as divírtense, desenvolven a súa psicomotricidade e cultivan outras habilidades, incluídas as sociais. Os que imos a estes lugares de xogo comprobamos en numerosas ocasións que o seu mantemento e conservación é manifestamente mellorable. Por encima da limpeza ou aspecto visual (que tamén son importantes) debemos centrarnos na seguridade, considerando algúns defectos graves como, partes rotas, inestabilidade dalgúns aparellos, sistemas de fixación inadecuados, alturas demasiado elevadas sen protección, pavimentos inadecuados pola súa dureza aspectos que deben ser vixiados de forma rigurosa.

Debemos formularnos unha nova planificación dos parques para que sexan máis seguros e accesibles. Un parque convencional, como o que temos en Cambre, deixa fóra sen posibilidade de acceder e xogar a moitos nenos/as.

O eixo dun parque destinado a xogos infantís debe ser a integración das persoas con distintas capacidades cos que non teñen inconvenientes motrices ou mentais. Porque non se trata de deseñar parques específicos para nenos/as con discapacidade, senón de crear lugares e estruturas seguras e divertidas paa o xogo de todos/as. Neste sentido, EU-IU considera necesario deseñar espazos e estruturas dentro dos parques infantís que xa existen, para que a infancia con problemas de discapacidade teña a posibilidade de xogar. Serían espazos de xogo acolledores e integradores, onde cada un poida participar na medida das súas ganas e posibilidades.

Queremos parques infantís seguros e accesibles, e cando falamos de accesibilidade referímonos a que os nenos/as con algunha discapacidade tamén poidan utilizar os parques, non se trata de favorecer o seu acceso e que queden á marxe, senón que se divirtan coas demais persoas que están utilizando os espazos de xogo.

Con esta iniciativa o grupo municipal de EU-IU quere contribuír á integración e á equiparación de oportunidades, diminuindo a desigualdade causada por un contorno non accesible, á vez que conseguimos un acceso ao lecer normalizado.

Polo exposto o grupo municipal de EU-IU propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: Que o Concello de Cambre incorpore estruturas e xogos adaptados e accesibles, que faciliten o acceso para que os nenos/as, con e sen discapacidade, poidan utilizar as instalacións dos parques infantís e gozar de todos os espazos lúdicos do concello en igualdade de oportunidades.”

Concedida a palabra a don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta a súa felicitación a EU-IU pola súa magnífica exposición dos problemas que sufren determinadas persoas para gozar do seu ocio. Di que son plenamente conscientes de que os parques infantís que hai en Cambre non cumpren con eses principios de eliminación de obstáculos para a igualdade, de garantir o dereito a participar do ocio de todos os cidadáns, á marxe das súas circunstancias físicas e, evidentemente, di que van a apoiar a moción, instando aos demais grupos, ademais, para que cando se poñan a discutir os orzamentos municipais, sexan conscientes da necesidade de incorporar este asunto a eses orzamentos para o 2009.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os tres concelleiros presentes do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

9º Informes da Alcaldía

Non foi utilizado este punto.

10º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13556 o día 25 de outubro de 2008.

1º Moitos veciños da parroquia cambresa de Bribes veñen solicitando dende hai anos que se mellore a seguridade viaria na zona ante a inseguridade dos peóns e a alta velocidade á que circulan os vehículos. En concreto as súas solicitudes céntranse na construción dunha rotonda, de beirarrúas así como a mellora da sinalización viaria, especialmente co pintado dun paso de peóns ou a construción dun paso elevado. Despois de varias lexislaturas sen que se teña dado solución a estas demandas veciñais, rogamos ao equipo de goberno nos informe das xestións que se fixeron e se teñen previsto dotar nos orzamentos municipais de 2009 algunha partida específica para estes fins.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que esta actuación está prevista dentro do Plan de mellora viaria da Deputación, Lema-Orto, incluíndo tanto sendas peonís como sinalización, horizontal e vertical. Di que se está licitando, e que o prazo para a súa execución se calcula nuns 5 meses. Agradece a colaboración da Asociación de veciños de Bribes neste asunto.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, expón que os veciños solicitan que as obras estean canto antes mellor, porque o Sr. alcalde lles prometeu, dous días antes das eleccións, que se gañaba ao día seguinte comezaban as obras.

O Sr. alcalde contesta que non cre ter dito iso.

2º As obras de instalación de saneamento en todo o municipio levan paralizadas varios meses. En concreto un gran número de veciños das parroquias de Anceis, San Lorenzo, Piñeiro e Cecebre puxéronse en contacto cos concelleiros do Partido Popular para manifestarnos o seu profundo malestar ante a carencia deste servizo. Por este motivo, rogamos ao equipo de goberno nos informe dos motivos polos que as obras se atopan paralizadas e dos prazos de finalización previstos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que os motivos xa se trataron en anteriores plenos. É o tema do POS e están pendentes dunha posible rescisión do contrato coa empresa Indeza. O prazo dependerá desas negociacións.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, pregunta por que motivo deixou as obras a empresa.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que pola existencia duns informes técnicos municipais respecto de que non estaban levando a cabo as obras correctamente. A empresa decidiu pola súa conta, abandoando a obra.

3º Moitos dos veciños de Altamira volvéronnos manifestar a súa indignación porque as bandas sonoras da N-550 na Rocha non se teñan retirado aínda. Varios deles están dispostos a denunciar ante a Policía Municipal que o ruído que provocan incumpre a normativa de ruídos. Ante esta situación, rogamos ao equipo de goberno que dea as ordes precisas para que se realice unha medición do impacto sonoro destas bandas sonoras e, de superar os máximos establecidos, que esixa a súa retirada de inmediato.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que se dará traslado a Fomento que son os competentes para valorar o impacto deses elementos.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que o que piden é que dende os servizos municipais se faga unha medición para que se comprobe o incumprimento da Ordenanza de ruídos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín acepta.

Dona M^a Jesús González Roel pregunta que para cando, porque di que hai veciños aos que lles están aparecendo gretas na cociña, como consecuencia do ruído dos camións ao seu paso pola estrada 550. Engade que o 16 de setembro solicitou por escrito ao Sr. alcalde unha contestación sobre este tema, e que aínda está agardando.

O Sr. alcalde responde que cre recordar que quedaron en ir a visitar ao xefe de estradas, e pedir unha entrevista para que viñeran os de Tráfico a ver este tema.

Dona M^a Jesús González Roel di que ela non quedou en nada, pero que está a disposición do Sr. alcalde, aínda que o lóxico é que o faga el, na medida en que ela ten unhas obrigas laborais coas que cumprir, e porque, ademais, é un tema que está molestando incluso á saúde de moitos veciños. Di que ademais estase incumprindo a normativa de ruídos do Concello de Cambre.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 13557 o día 25 de outubro de 2008.

1º O río Gándara presenta na actualidade un estado de abandono que fai necesario acometer unha limpeza e saneamento tanto nas súas marxes como no propio leito, a pesar das numerosas denuncias o río segue sendo o destino de moitos vertidos que contribúen á súa degradación e á deterioración da ría do Burgo co conseguinte risco de contaminación.

- O noso grupo prega ao goberno local, realice as xestións pertinentes ante as administracións con competencia na materia para que acometan a limpeza e saneamento do río en todo o seu percorrido.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que remitirán esa petición a Augas de Galicia, que é o organismo competente.

2º Os taboleiros de anuncios municipais, cumpren unha función importante facilitando aos veciños/as unha mellor información e coñecemento da actividade municipal, onde se expoñen actas, decretos de Alcaldía, publicacións do BOP, ofertas de emprego, anuncios do rexistro da propiedade, etc. Todos/as sabemos que o Concello de Cambre permanece pechado todas as tardes, festas e fins de semana, o que non facilita que os veciños/as poidan acceder ás consultas do taboleiro de anuncios municipal.

Co obxecto de reparar esta deficiencia:

- O noso grupo prega se instale un taboleiro de anuncios municipal no exterior do concello, debidamente protexido.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que os taboleiros de anuncios municipais teñen tal cantidade de información que resultaría excesivo ter que poñer o taboleiro fóra. Pensa que a páxina web municipal, cuxo uso é case universal, está a disposición de todos os veciños, pero que, non obstante, analizarán a proposta con detemento e, se o tema entra dentro do razoable, non terán ningún inconveniente en buscar un sitio adecuado, sempre que o tamaño que sexa necesario o permita, pero polo menos para poñer fóra o máis importante.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que entende que haberá que establecer unhas prioridades sobre os asuntos a poñer fóra, pero que lle parece que é algo que demanda a xente, ao igual que están, por exemplo, os taboleiros coa guía de rúas municipal.

3º Usuarios do servizo regular de autobuses entre A Barcala e A Coruña (ASICASA) teñen manifestado ao noso grupo e á propia empresa concesionaria, o seu malestar pola mala calidade do servizo, que fai bastante tempo incumpren a frecuencia de horarios de saída da urbanización. Tamén adoita ser habitual a falta de prazas para ir sentado, provocando o lóxico malestar entre os usuarios/as.

- O grupo de EU-IU solicita do goberno local, realice as xestións “oportunas” para dar solución ao problema que teñen os usuarios do transporte público correspondente á empresa ASICASA.

- Das xestións realizadas solicitamos se nos informe puntualmente por escrito, ou no próximo pleno municipal ordinario.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que este non é un tema novo a tratar neste pleno e que todos son conscientes das grandes deficiencias do transporte metropolitano. Di que hai un plan de transporte metropolitano incipiente, con moitas dúbidas de arranque e consolidación, pero que polo menos existe. Pode que ao Sr. Taibo non lle conste, porque non ten porque estar informado de toda a actividade que realiza o goberno municipal, pero que hai reunións con bastante frecuencia, non plenamente

satisfactorias, pero nas que pouco a pouco se va avanzando, porque son temas complexos os do transporte metropolitano, que non só afectan a ASICASA e a Cambre, senón a toda a comarca. Di que precisamente houbo unha última reunión o luns pasado na Coruña, coa directora xeral de Transportes. O novo Plan de transporte metropolitano contempla a mellora substancial do incremento de horarios, frecuencias, e servizos dentro de toda a área, e incluso unha sensible baixada de tarifas do transporte.

Conclúe dicindo que en resposta ao rogo de EU-IU van mantelos puntualmente informados dos avances destas reunións nas que interveñen todos os concellos da área metropolitana en busca de dar resposta a todos os problemas de transporte.

O Sr. alcalde engade que lles entregará fotocopia a todos os grupos do tratado nas últimas reunións.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Antes de comezar cos rogos, don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), quere lembrar ao Sr. alcalde e á concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, que teñen pendentes de contestarlle por escrito algunhas preguntas, incluso dende hai case un ano.

Rexistrados de entrada ao núm. 13597 o día 27 de outubro de 2008.

1º Rogo se informe para cando os veciños de Anceis e Sigrás que teñen pendente desde hai anos o enganche do saneamento, poderán usar este servizo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que estaba pendente de ter os caudalímetros na zona, e que agora está pendente de contratación.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), pregunta para cando.

Dona M^a Beatriz Ramos contesta que agarda que pronto.

Don Manuel Marante Gómez di que hai 2 anos xa que o Sr. alcalde falou do protocolo para o enganche, e tamén antes das eleccións.

2º Rogo se informe en que estado se atopa o contrato coa empresa adxudicataria do saneamento en Anceis.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que a Sra. concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos xa contestou antes a unha pregunta do PP sobre este tema, o mesmo que lle contestara a el hai 5 meses cando preguntou polo tema, que ían mirar que se ía facer. Di que igual lles pasa como co contrato do Plan Xeral e teñen que volver dentro de 10 anos a falar do tema, pero que os veciños desas zonas merecen ter a rede de sumidoiros canto antes.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 13556 o día 25 de outubro de 2008.

1ª Ten coñecemento o equipo de goberno de se a Xunta de Galicia tomou algunha decisión acerca da supresión da peaxe prevista no proxecto de construción da vía Ártabra? Que xestións se realizaron dende o equipo de goberno para evitar o impacto da vía Ártabra en Cambre?

O Sr. alcalde contesta que están pendentes de que lles contesten ás alegacións que se aprobaron en pleno e que se remitiron á Xunta.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, sinala que a Xunta de Galicia, nos orzamentos para o 2009, ten prevista unha partida de 13 millóns para a Vía Ártabra, para o ano 2010 ten previstos 20 millóns, para o 2011 hai 22 millóns e para o 2012 hai 50 millóns. Di que é evidente que a Vía Ártabra se vai construír, e que despois de que todos os grupos teñen presentado unha moción, eles esperaban que o Sr. alcalde tivera feito algunha xestión, e que como non o fixo, tamén lle pediría que sacase a pancarta do AVE que hai no balcón, porque eses xestos non solucionan nada. Di que o que hai que facer é molestarse en traballar. Pregúntalle se sabe e se é consciente da gravidade que estes asuntos teñen para os veciños.

O Sr. alcalde responde que claro que o sabe. Que lle gustaría ter unha variña máxica para poder solucionalo, pero que non a ten. Di que están en contacto coa Xunta, que a obra de Cambre non se vai comezar este ano, pero que eles están pendentes de que lles contesten ás alegacións, para ben ou para mal, e ata agora iso non sucedeu.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que é contradictorio dicir que está agardando e que está en contacto. Ou unha cousa, ou a outra.

O Sr. alcalde contesta que está agardando que lle contesten á alegación que todos eles presentaron.

2ª O concelleiro de Educación deste concello comprometeuse publicamente a adquirir a parcela para a construción dun novo colexio no municipio antes de final de ano. Que xestións se realizaron ata o momento?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes, contesta que o primeiro que quere aclarar é que non se comprometeron a tenelo para finais deste ano, senón que falaron da posibilidade de que ao final de ano, despois de todas as xestións que se están realizando, ver se se podía ter, pero non se comprometeron a telo. Di que de feito hai conversacións con distintos donos das parcelas afectadas, e que aínda esta semana terán contactos con eles, pero que ese non é un tema que se faga dun día para outro.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, pide rigor nas declaracións que se fagan, porque o que eles saben son as declaracións do Sr. concelleiro de Educación que leron na prensa, que son engañosas ao dicir que agardan ter o terreo este ano, por iso el quere preguntar que é o que hai, canto piden por eses terreos, e que é o que pensan facer co diñeiro que hai previsto nos orzamentos.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que de momento houbo dúas conversacións, e pensa que esta semana haberá outra máis. Non se falou de cantidades exactas, pero si se falou con 2 ou 3 propietarios desas parcelas.

3ª Pode informarnos o equipo de goberno sobre o estado no que se atopa o proxecto de construción da Casa da Cultura?

O Sr. alcalde contesta que neste momento houbo algúns comentarios na prensa, pero que o certo é que teñen o proxecto que teñen, e que de momento non se fixo ningunha outra xestión que os poida levar a facer nada. Estiveron en Deputación para ver a posibilidade de que se amplíe a subvención aprobada para o 2009, e en función da resposta poderá valorarse a situación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, di que acaba de pedirlle rigor ao Sr. concelleiro de Educación nos anuncios que dea sobre os terreos do colexio, pero que iso non é nada comparado co tema da Casa da Cultura. Foi o proxecto estrela das eleccións do 95, no ano 99 ían ser as casas modernistas do Temple, no ano 2003 de novo a Casa da Cultura, e incluso se fixo un concurso de ideas por importe de 120.000 euros. E di que agora, no 2008, seguen a falar diso, por iso fala do rigor, porque os bombardean continuamente con anuncios, o penúltimo de hai uns días e que di que a concelleira de Cultura manifesta que a Casa da Cultura vai a estar construída no 2010, non saben nin como nin onde, pero vai estar para o 2010. E a última noticia é a que di que o PSOE e o BNG negocian sobre o tema. Todo isto sen olvidar que sobre o terreo para o que se fixo o concurso de proxectos non se pode construír, polo que aqueles 120.000 euros se perderon.

Conclúe dicindo que se non van facer a Casa da Cultura que polo menos paren de falar dela.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 13584 o día 27 de outubro de 2008.

1ª En que situación está o comedor do colexio Wenceslao Fernández Flórez despois de pasado máis dun mes desde o comezo do curso e, non se solucionara o problema de déficit de prazas de comedor?

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro de Educación, Xuventude e Deportes contesta que do que pode informar é das xestións que fixeron con comedores escolares da Xunta de Galicia, porque este tema depende directamente de Santiago. Di que o problema para a ampliación do número de prazas para este curso é que non hai espazo suficiente, e que este ano é imposible a ampliación dese comedor, e que unha dobre quenda tampouco é compatible co horario.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, sinala que hai un compromiso do delegado de Educación de solucionar o problema, tamén no colexio de Cambre, con máis demora da que se solucionou no resto dos colexios do municipio polas dificultades. Tamén sabe que non é unha competencia do concello, pero que quedou un grupo de rapaces fóra do colexio, e habería que facer un esforzo e comunicarlle claramente á Delegación ou ao órgano xestor dos comedores, que se os problemas son técnicos, el pensa que hai solucións técnicas, aínda que sexan complexas, e poden comprender que haxa demoras no seu estudo, pero que queren que se solucione antes de que remate este trimestre, porque é un servizo ás familias

polo que supón todos están a prol. Tamén saben que por parte da dirección do colexio non existe unha grande vontade de solucionar o problema. Habería que traballar todos xuntos e amosar a firmeza suficiente neste pleno para esixir solucións a ese problema, incluso se é necesario, colaborando co gasto que poida existir.

Don Jaime Manuel López Lisnier responde que, deixando de lado que a dirección do colexio teña unha opinión ou outra, eles como goberno de Cambre seguen en contacto con comedores escolares da Xunta de Galicia, aínda falou coa responsable a semana pasada, e dixéronlle que para este ano era moi complicado, polo espazo que hai. Se houbera a posibilidade de, con outro horario, facer dobre quenda, talvez, e que lle dixeron que seguen estudando a posibilidade cara ao futuro, pero que a curto prazo non era posible.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que hai unha aula cuxo tabique dá ao comedor, e que se podería ver a posibilidade de utilizala. Non di que teña que ser esa a solución, senón que é unha idea, porque hai que intentar poder ofertar praza a todos os que o queiran.

2ª Cal é o estado actual da obra da Escola Municipal de Música e cal é a previsión para o seu remate?

Dona Erundina Prado Arcay, concelleira de Cultura e Turismo contesta que nestes momentos non dispoñen de cronograma do estado das obras, pero están traballando a moi bo ritmo e nunha entrevista que mantivo co representante da empresa garantizoulle que sobre mediados de novembro estaría terminada.

3ª Cal é a política do goberno local respecto do uso da lingua galega na comunicación pública municipal?

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, contesta que a política do goberno local sobre o uso da lingua galega é cumprir, primeiro a lei, e segundo, tendo presentes as dificultades que algúns funcionarios teñen para o uso do galego, é tentar que todos os documentos que saian ao exterior o fagan utilizando correctamente a lingua galega.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, di que a pregunta era respecto da comunicación pública, non sobre cuestións internas. O que lles preocupa é que están notando un cambio na comunicación pública e na información en xeral. Non é que lles preocupe que saian cousas en galego ou castelán, porque non pensan que haxa ningún tipo de conflito de comprensión por parte da poboación deste concello. O que xa lles preocupa máis é que,

mesmo cando se fan comunicados en castelán, estanse utilizando os topónimos de maneira incorrecta, non é que sexa legal ou ilegal, o problema é que é incorrecta, o que amosa un desprezo total pola cultura. Queren facer unha chamada de atención. Non é só o tema dos topónimos de Cambre, que pensa que todos deberían coñecer, é que ocorre tamén con outros sitios e lugares.

Conclúe dicindo que, en todo caso, como no pleno de hoxe foi a aprobación e ratificación da sentenza sobre a Ordenanza de normalización lingüística do Concello de Cambre, agardan que se comece a cumprir, e que se dean as instrucións pertinentes ás persoas responsables das comunicacións.

Don Francisco Javier Varela Tejedor di que poñerán o máximo empeño en que se cumpra con iso.

4ª Como están as diversas obras nas vías públicas que afectan á parroquia do Temple e que previsións teñen para o seu remate?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que todas as obras da parroquia do Temple estarán rematadas antes do Nadal, incluída a de acondicionamento da praza interior da rúa Padre Feijoo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, pregunta pola zanja do colector da Tapia.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín responde que contan con que a primeiros de novembro xa estea a Tapia aberta.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 13557 o día 25 de outubro de 2008.

1ª Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, manifesta que a primeira pregunta do seu grupo ía tamén en relación co tema dos parques infantís, e que como xa neste pleno se aprobou unha moción ao respecto non a van a formular, por non ser reiterativos. En todo caso quere salientar a preocupación do seu grupo porque unhas instalacións tan sensibles como son os parques infantís, sexan o mellor posible para os nenos de Cambre.

Antes de dar lectura á segunda pregunta, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que quere formular unha cuestión de orde. Sinala que para o seu grupo o pleno municipal, e os asistentes á sesión, merecen o máximo respecto e rigor, polo que lle pediría a algúns dos compañeiros concelleiros que, por favor, prestasen a atención debida ao resto de concelleiros, porque levan media hora escoitando falar e conversar, sen que presten atención ao que están dicindo os demais. Pide rigor no pleno municipal, e que o Sr. alcalde se encargue diso.

2ª O grupo municipal de EU-IU ten presentado nos distintos plenos e mediante escritos, as deficiencias existentes na Seguridade Viaria no concello, tamén os propios veciños/as de diversos lugares solicitaron mediante sinaturas unha solución ao grave problema. En definitiva, son notorias as deficiencias que fan máis difícil a mobilidade das persoas e o desenvolvemento das súas actividades, ante o perigo continuo da súa propia integridade, ao ter que transitar por viarios que non responden ás necesidades da sociedade.

O noso grupo entende que abordar esta situación de indefensión, solucionaríase en gran medida, o que para o goberno poden ser pequenas deficiencias, pero que son moi importantes para as persoas que transitan a diario polo noso concello e que se atopan con lugares con difícil acceso e perigo.

EU-IU presentou con data de 9 de outubro un escrito solicitando unha actuación prioritaria e urxente do goberno municipal para poñer solución ao problema e dar remate a insostible situación de desamparo dos cidadáns.

Una vez máis, o grupo municipal de EU-IU fai a seguinte pregunta á concelleira responsable:

- Que medidas se teñen adoptado para dar solución ás peticións realizadas polo noso grupo sobre a instalación de pasos de peóns nos seguintes lugares do concello?
 - Inmediacións do cruceiro en Pravio
 - Drozo-Freande (Cambre)
 - A Ponte en Cela
 - Ponte río Mero A Casilla
 - Estrada de Cambre ao Temple (A Cruz)
 - Acceso autoestrada AP-9
 - Inmediacións do instituto de Sigrás

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, quere aclarar que, respecto da alusión que fixo á Estrada de Cambre ao Temple (A Cruz), xa sabe que comezaron as obras, do cal se alegra moito.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que respecto das inmediacións do cruceiro en Pravio se necesita de permiso veciñal para dotar dunha plataforma e paso de peóns. Respecto do Drozo-Freande, cando acabe o proxecto de senda peonil, está incluída esta actuación. No que se refire ao acceso á autoestrada AP-9, que xa se tratou varias veces nos plenos, tanto a Policía Local como os servizos técnicos, cren que o único sitio seguro para o paso de peóns é onde está agora, pero o que queren facer é unha actuación por ese tramo, para facer unha senda que permita ao peón ir máis seguro.

Continúa dicindo que respecto das inmediacións do instituto de Sigrás farán unha valoración cando remate a senda peonil. En canto á ponte de Cela, xa existe un paso de peóns.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que na ponte de Cela existen pasos de peóns, pero que a Sra. Concelleira, os técnicos e el mesmo estiveron alí para ver a zona, e sabe o que piden os veciños para dar acceso ao camiño que vai para Cecebre e Cela. Engade que falta o lugar da Casilla.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que se pedirá informe á Policía Local e que se verá xunto coas sendas peonís da Casilla.

O Sr. alcalde sinala que na ponte de Cela non autorizan o paso de peóns pola curva que hai. Que estiveron alí representantes da Deputación e que dixeron que non o autorizaban.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que el está falando dun paso de peóns na estrada, antes do que xa existe, enfrente dos camiños.

O Sr. alcalde di que é aí onde non autorizan, así o dixeron os da Deputación, ao igual que fixeron co de Sta. M^a de Vigo, polo tema do colexio, que tamén ten que ir máis alá. Quedaron en mandar un informe, pero vai ir nese sentido.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se respecto do de Pravio xa se está en negociacións cos veciños.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que si, que están vendo a posibilidade de chegar a un acordo.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, respecto do paso de peóns da autoestrada AP-9, xa o dixo con anterioridade, pensa que está mal situado e que un día vai haber unha desgraza.

3^a No pleno ordinario do mes de marzo, o noso grupo realizaba unha pregunta sobre os problemas existentes para que os veciños/as de Pravio non poidan facer uso da rede do servizo de sumidoiros. Transcorrido un tempo máis que prudencial e tratándose de obras realizadas por dúas administracións alleas ao concello (Xunta de Galicia e Deputación Provincial) o noso grupo pregunta:

- Que motivos existen para que o concello non teña recepcionadas as obras transcorrido máis dun ano do seu remate, e os veciños/as poidan facer uso do servizo de saneamento?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos, contesta que o motivo é que, tanto a Xunta como a Deputación, non comunicaron a finalización da obra. Aínda quedan zonas sen rematar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que está asombrado de que despois de máis dun ano non se teñan feito as xestións para arranxar o tema. Uns veciños non poden enganchar e outros teñen engançado. Pregunta que problema ten a obra, por que non se pode enganchar e que defectos hai na obra.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que non están recepcionadas as obras, pero que non dixo que teñan defectos.

O Sr. Taibo Casás pregunta se entón é por desidia, porque os veciños se preguntan por que non poden enganchar e se non o van poder facer nunca.

Dona M^a Beatriz Ramos pregúntalle ao concelleiro de EU-IU se sabe dalgún veciño que estea vertendo sen permiso, e que se é así, que llo comunique.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que saber iso é responsabilidade da concelleira, e que el non ten por que comunicarllo, porque esa é a súa labor, pola que está cobrando. O único que quere pedir é unha solución para ese tema, e que para iso teñen a súa colaboración.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e tres horas e vinte minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia